

## friol

Investimento dunha firma catalá para crear unha industria avícola. **Páx. 10**

## xermade

A localidade será sede dunha nova edición do Encontro de Torneiros da Madeira. **Páx. 16**

## cospeito

Arranca en Muimenta o proxecto Fogar de Xúbilo, para os maiores da localidade. **Páx. 17**

## rábade

Queixas dos veciños e da oposición polo estado de soares e das leiras municipais. **Páx. 19**

## muras

O programa da Feira do Poldro contará este ano con tapas de balde os días previos. **Páx. 23**

## Investimento provincial

A Deputación firmou convenios con concellos como Guitiriz, Meira, Vilalba ou Xermade, que permiten a execución de numerosas obras



## Un percorrido polo Aeroclub de Rozas

Fran Abelleira, presidente da entidade, defende a súa vinculación ao patrimonio. **Páx. 12**

## A historia das bandas de música galegas

Desempeñan un papel fundamental na difusión da cultura e na unión de xeracións. **Páx. 26**

## Arranca a Liga de fútbol con cambios

A Federación galega reformou as ligas femininas e completou os cambios nas bases. **Páx. 29**

## Centro Ocupacional



Celebrou durante as festas de Vilalba o seu 25 aniversario. **Páx. 5**

## Escritores noveis



Oriana Mateus e Francisco Manigrasso son os autores de 'Magicos Cupcakes'. **Páx. 8**

## SD Pol



O Club inicia a tempada coa incorporación de novos equipos. **Páx.31**

## VOLTA Ó COLE!



**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

A miopía e outros problemas visuais poden aparecer sen que ninguén o note

**Unha revisión a tempo evita dificultades na aula.**

As Pontes: 981 45 15 04 Vilalba: 982 51 01 00



## Rioaveso puxo fin ás festas tras máis de dúas semanas de actividades

Vilalba puxo o broche final ás festas patronais de San Ramón e Santa María tras máis de dúas semanas de celebracións nas que a diversidade da programación logrou manter a participación veciñal a pesar da inestabilidade meteorolóxica. O Concello, que destinou arredor de 200.000 euros á organización, fixo un balance positivo, salientando que os actos chegaron a públicos de todas as idades e gustos. O derradeiro día estivo marcado pola celebración do Día das Parroquias con San Xurxo de Rioaveso como protagonista. Máis de oitenta veciños fixeron unha ofrenda con produtos caseiros aos patróns, nun xesto de unión que culminou cunha misa solemne e unha sesión vermú prolongada ata ben entrada a tarde. Entre os eventos máis concorridos deste ano destacou a Xira dos Maiores, que rexistrou un récord de 540 comensais, os días

dedicados á infancia, o pregón das irmás Purriños, o concerto de Carlos Baute, a actuación de Xosé Lois e Aliboria, ademais das noites de DJ e o tributo a Joaquín Sabina.

**CERTAME LITERARIO.** O auditorio Carmen Estévez de Vilalba acolleu a entrega do LI Certame Literario, que nesta ocasión recoñeceu a obra *Nakba* da autora Patricia Torrado Queiruga. O acto contou coa presenza do Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, así como da alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco Seoane, da subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez López, e do alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, entre outras autoridades. A cerimonia estivo acompañada de diversas actuacións musicais que precederon á lectura do pregón das Festas de San Ramón e Santa María.

## Vilalba mellora 15 quilómetros de pistas no rural coa Deputación

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, un balance positivo das melloras realizadas na rede viaria municipal que permitiron renovar preto de 15 quilómetros de pistas do rural grazas ao acordo de colaboración coa Deputación de Lugo, presidida por José Tomé.

Dende maio, o Concello contou con dous equipos móbiles da Deputación: un encargado da rexeneración do firme, que traballou nas pistas máis deterioradas, e outro dedicado á apertura e limpeza de cunetas, unha tarefa clave para garantir a durabilidade das obras e previr problemas no inverno.

“A colaboración coa Deputación foi fundamental para sacar adiante estas melloras nun prazo razoable e sen custo directo para as arcas municipais. Se o Concello tivera que asumir estes traballos a través dunha empresa privada, o investimento necesario superaría os 400.000 euros”, explicou a alcaldesa Marta Rouco. Actuouse nunha quincena de pistas municipais situadas en varias parroquias do rural, que se atopaban en mal estado e que son utilizadas a diario polos veciños. Estas obras reforzan o compromiso do goberno local coa seguridade viaria, a igualdade territorial e a atención ao medio rural. “Vilalba conta cunha das redes viarias municipais máis extensas da provincia, polo que sumar recursos e colaboración institucional é esencial para atender as necesidades do rural. Este tipo de acordos permítenos avanzar máis rápido e con maior eficiencia”, engadiu Marta Rouco.



## Investimento de 263.000 euros en infraestruturas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou dous acordos de colaboración cos concellos de Vilalba e Pedrafita de Cebreiro, cun investimento conxunto que supera o medio millón de euros. O obxectivo destas actuacións é mellorar infraestruturas, servizos públicos e espazos de lecer para a veciñanza. Así o informou o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen enmarcou estas novas colaboracións dentro do compromiso do Goberno da Deputación cos concellos da provincia. “Mellorar e manter servizos no rural é básico para fixar poboación e unhas boas comunicacións e infraestruturas son imprescindibles para acadar este obxectivo”, subliñou. Por unha banda, a Deputación

achega preto de 263.000 euros para executar intervencións que darán unha nova imaxe ao centro urbano da capital chairrega. As obras máis destacadas céntranse na renovación do vial de acceso ao barrio das Fontiñas e na mellora da rúa do Rego, con traballos de repavimentación e drenaxe que mellorarán a mobilidade e a seguridade viaria. O proxecto inclúe tamén a remodelación do parque infantil do Parque Rosalía de Castro, a construción dun novo espazo de xogos no Campo da Feira, a instalación de dúas canastras no pavillón do CEIP Mato Vizoso e a compra dunha plataforma aérea telescópica con camión portador para facilitar labores de mantemento municipal.

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero

CLINICA DEL PIE

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE

DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

• **PODOLOGÍA**

DEPORTIVA - INFANTIL

CIRURXÍA - DIABÉTICA

GERIÁTRICA - PLANTILLAS

• **TRATAMIENTOS CON LASER**

• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

• **ÚLCERAS**

ARTERIALES - VENOSAS

• **ECOGRAFÍA**

Carballo & Otero

CLINICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

**HORARIO DE VERANO**

Lunes, miércoles y viernes

de 9:00 a 15:00h.

Martes y jueves de 9:00 a 20:00h.

Campo de Puente, 20 Bj.

Vilalba - Lugo

Tel: 982 88 75 65

Urgencias: 609 72 97 12

**constru fer**

Saneamientos, construcción y ferretería

**Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)**

Tel: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO

Tel: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:

[www.construfervilalba.com](http://www.construfervilalba.com)

# Renovan o alumeadado da Praza da Constitución coa tecnoloxía LED

A Concellería de Infraestruturas Urbanas de Vilalba vén de completar a segunda fase da renovación integral do alumeadado público na Praza da Constitución. A actuación supuxo a instalación de 22 novas columnas de iluminación e 17 farois de parede, todos eles con tecnoloxía LED de última xeración.

Oos traballos forman parte do proceso que o goberno local está a desenvolver para modernizar a iluminación das infraestruturas públicas, co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética e adaptar a estética á contorna.

Dende o Concello explican que o motivo deste cambio radica no deterioro das luminarias e na inexistencia de recambios no mercado para o seu mantemento. Ademais, din, as no-



vas luminarias ofrecen unha imaxe renovada, máis moderna e harmonizada co espazo.

O proxecto, di a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, “é un exemplo de como podemos combinar melloras estéticas e funcionais cun compromiso real coa eficiencia enerxética

e a sustentabilidade”. Ademais, destaca que “o aforro estimado do 40% no consumo eléctrico supón facer un uso máis responsable dos recursos municipais, optimizando custos e garantindo que cada investimento reverta directamente no benestar da veciñanza”.

## Abre o prazo para inscribirse nos cursos de natación

O Concello de Vilalba informa de que desde este luns ao 21 de setembro estará aberto o prazo de preinscripción para os cursos de natación da piscina municipal, que comezarán o 1 de outubro. En total ofértanse 375 prazas, das que 126 estarán destinadas a persoas adultas, nos niveis de iniciación, medio e perfeccionamento, e 249 para nenos e nenas, nas modalidades de familiarización, iniciación, medio e perfeccionamento. As preinscricións deberán formalizarse na recepción da piscina municipal, presentando a documentación requirida. As prazas adxudicaránse por orde de antigüidade e mediante sorteo, que terá lugar na piscina o 22 de setembro ás 12:00 horas.


## O Concello destina 31.050 euros ás axudas a asociacións culturais

O Concello de Vilalba aprobou unha partida de 31.050 euros destinada a apoiar a actividade de diversas asociacións culturais do municipio. As axudas concederanse este ano mediante a fórmula de subvención nominativa. A concelleira de Cultura, Mónica González, e o tenente de alcalde, Modesto Renda, mantiveron recentemente unha reunión cos representantes das entidades beneficiarias para informarlles sobre esta subvención.

Entre os colectivos que reci-

rán financiamento atópanse a Asociación Cultural en Movemento, que contará cunha axuda de 6.000 euros, e o Instituto de Estudos Chairegos, con 5.500 euros.

Támén se beneficiarán a Asociación Coral Luar e a Coral Polifónica Vilalbesa, ambas con 3.400 euros, así como Esmuvi, a Asociación Cultural Mestura de Nete, a Liga Santaballese, a Asociación Cultural de Árbol e o colectivo Mulleres de Insua, que recibirán 2.550 euros cada unha.



**XORNALISMO.** A Alcaldía de Vilalba organizou na Casa da Cultura unha mesa aberta titulada *O xornalismo no século XXI: a era da desinformación*. Esta reuniu a catro recoñecidos profesionais da comunicación, todos eles naturais de Vilalba. O evento foi a primeira xornada dun novo ciclo de mesas redondas e conferencias que traerán a Vilalba a expertos de diferentes ámbitos para reflexionar e debater sobre cuestións de actualidade.

## A Liga Santaballese prepara a súa cita indiana para o 20 de setembro

As XV Xornadas sobre Migracións Indianas – Feira do Indiano na súa XV edición celebráranse o vindeiro 20 de setembro na Liga Santaballese de Vilalba cun amplo programa de actividades culturais, deportivas e musicais, tal e como vén de facer público a súa organización.

A xornada dará comezo ás 08:30 horas coa saída da III Volta Ciclista á Terra Chá 2025, unha marcha para bicicletas clásicas organizada por Biciclistas Galegos. Ás 11:30 horas terá lugar a inauguración oficial, cun relatorio a cargo de María Xosé Porteiro, moderada por Daniel Manuel Vázquez Vila. Ás 12:30 horas abríranse as exposicións Proximidade Lluysana da Rede Museística Provincial de Lugo e Nós mesmos, da Asociaciónismo Galego do Consello da Cultura Galega.

Ao mediodía, sobre as 13:00 horas, está prevista a chegada da marcha ciclista e a continuación a entrega de premios. Ás 13:30 horas haberá

un vermú amenizado coa música caribeña de Los Jimaguas, antes do xantar popular que se servirá ás 15:00 horas, aberto ao público con reserva previa e cun menú baseado en callos, ropa vieja e costela asada. Pola tarde, a partir das 16:30, continuará a animación musical con Los Jimaguas e ás 17:30 horas celebrárase un concurso de xogos de relevos. Ás 18:00 horas actuarán os músicos da Banda de Música de Vilalba, seguidos ás 19:30 horas dunha foliada popular a cargo de Toxo Guayaba. Xa pola noite, ás 20:30 horas, terá lugar unha queimada popular dirixida por Manolo Ferreiro cun espectáculo nocturno e ás 21:30 horas unha actuación musical de Toxo Guayaba por o broche final á programación. Durante toda a xornada desenvolveranse exposicións, talleres, xogos populares, postos de cócteles caribeños e a *food truck* de Galicia Sabe Amar, ademais de propostas pensadas para todos os públicos.

|                                                                                                                                     |                                                                                                          |                                                                                                                     |                                                                                                 |                                                                                                                                                                                                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</b></p> <p>NEUMÁTICA<br/>HIDRÁULICA<br/>TRANSMISIÓN<br/>HERRAMIENTAS<br/>ACEITES</p> | <p><b>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</b></p> <p>CUCHILLAS<br/>MUELLES<br/>CORREAS<br/>RODAMIENTOS</p> | <p><b>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</b></p> <p>JOHN DEERE eni<br/>CEPSA BCS<br/>PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.</p> | <p><b>TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS</b></p> <p>Milwaukee<br/>Nothing but HEAVY DUTY.</p> | <p><b>RYS SESACAR</b></p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53<br/>Pol. Ind. Sete Pontes<br/>27800 Vilalba - Lugo<br/>Tel.: 982 831 105 / 609 392 656<br/>recambios@sesacar.com</p> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

## O PP pide ao Goberno local que aclare si vai peonalizar a Pravia

Os concelleiros do Partido Popular de Vilalba instan ao goberno bipartito a explicar con claridade á veciñanza se o seu plan para a rúa da Pravia é a súa peonalización definitiva, tras os últimos cortes de circulación realizados na zona con motivo da celebración de actividades musicais.

O grupo popular advirte que só hai dúas opcións: que a intención do executivo local, formado por PSOE e Vilalba Aberta, sexa peonalizar por completo esta vía ou que a decisión responda a un conflito interno entre ambas formacións, que levan a cabo as súas actividades na Praza de Santa María.

Desde o PP lamentan que se res-

trinxise o tráfico nunha das principais arterias de comunicación da vila para acoller concertos cando existen espazos públicos máis axeitados, como a praza da Constitución, situada a escasa distancia e con maior capacidade para este tipo de eventos. Engaden que pechar a rúa da Pravia á última hora da tarde durante fins de semana ou festivos non é unha decisión axeitada, xa que coincide co regreso de moitos veciños despois dunha xornada de praia ou doutros plans fóra do centro urbano.

O PP considera que se o executivo quere fomentar a participación cidadá debe fixar datas e horarios máis axeitados..

## O comercio arranca a campaña da volta ao cole

A Asociación de Empresarios de Vilalba pon en marcha un ano máis a campaña “Vuelta al cole co comercio local de Vilalba”, que se celebrará entre o 8 e o 21 de setembro. Durante estas dúas semanas, os establecementos participantes repartirán papeletas entre os seus clientes en función do importe das compras realizadas.

Con estas participacións será posible optar a dous sorteos nos que os gañadores poderán elixir entre unha viaxe en caravana ou un vale de compra de 200 euros. Un dos sorteos desenvolverase de maneira non presencial e o outro terá lugar o día

do Desfile do Comercio Local, previsto para o 27 de setembro.

Como novidade, entregaranse tamén pegatinas con forma de caravana e co lema “Volta ao cole co comercio local de Vilalba”. Estarán deseñadas para que nenos e nenas poidan personalizar os seus libros, cadernos ou portátiles, xa que contarán cun espazo específico para escribir o nome, o curso e a materia correspondente.

O punto culminante da campaña será o Desfile do Comercio Local cun sorteo final nun encontro especial no que se reunirá clientela, comerciantes e veciñanza.

## Forma-T refórzase con novas instalacións e servizos en Lugo

O Grupo Forma-T de Vilalba, referente na formación e prevención de riscos laborais, ampliou a súa actividade cunha nova sede en Lugo, no Polígono do Ceao. A través de Solucións de Prevención e Saúde (SPS), a compañía reforza así o seu compromiso coa seguridade laboral e a saúde das persoas traballadoras.

Esta delegación ten como obxectivo principal ofrecer asesoramento integral ás empresas en materia de riscos laborais, para que podan cumprir coas esixencias legais.

Ademais, conta con aulas teóricas e prácticas totalmente equipadas, deseñadas para ofrecer unha aprendizaxe o máis realista posible. Incorpora tamén un psicotécnico e unha clínica médica propios nos que se realizan recoñecementos laborais, o que permite ás empresas combinar nun mesmo espazo, asesoramento, formación e servizos médicos, con amplos horarios adaptados aos sectores máis industrializados.

Con sedes en Vilalba e Lugo, o Grupo Forma-T destaca pola súa ampla experiencia e polas súas instalacións



adaptadas, onde se imparten formacións homologadas en construción, metal, traballos en altura, espazos confinados, plataformas elevadoras, carretillas, ponte grúa, sector TELCO, transporte, eólica, forestal, naval, hostalaría, entre outros.

SPS dispón de acreditación nacional para operar en todo o territorio español, o que lle permite ofrecer solucións integrais a empresas de calquera sector. O seu labor baséase na adaptación personalizada ás necesidades de cada cliente, realizando estudos pormenorizados

que garanten unha resposta eficaz e práctica.

O grupo tamén conta cun equipo especializado en plans de igualdade e consultoría, ofrecendo un asesoramento integral.

Con esta ampliación, o Grupo Forma-T consolídase como un aliado estratéxico para as empresas que buscan formación de calidade, consultoría especializada e servizos médicos nun mesmo lugar, apostando por solucións de futuro que poñen a prevención e a saúde no centro da actividade empresarial.

### EN BREVE

**APICULTURA.** Vilalba acollerá un curso do programa de formación en apicultura que a área de Rural da Vicepresidencia da Deputación ven desenvolvendo da man da Casa do Mel. Terá 10 horas con contidos teóricos e prácticos enfocados na ampliación e actualización de coñecementos. As persoas interesadas teñen que anotarse en [casadomel@vodafone.es](mailto:casadomel@vodafone.es) ou no teléfono 661 003 616. Será na Escola de Pedragosa, San Simón da Costa, o 13 e 14 de setembro, de 9 a 14 horas.

**TEATRO.** A sétima edición do proxecto de intercambio cultural Camiño Escena Norte achegará dez espectáculos de danza, teatro e circo a outras tantas localidades de Galicia. A programación, que decorrerá do 12 de setembro ao 26 de outubro, terá a súa parada en Vilalba o día 21 de setembro, ás 20.00 horas. No Auditorio Municipal Carmen Estevez representarase *Zozobra*, de La Roca Producciones – Acar Teatro del Mundo (Asturias), para adultos e adolescentes.

**MANUEL MARÍA.** O Ilesha, en colaboración coa Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo, organiza un ano máis os Actos da Cultura en homenaxe a Manuel María, coincidindo neste 2025 co seu XXI cabodano. A segunda sesión será o sábado 13 de setembro, ás 20:00 horas, o Auditorio Municipal acollerá o concerto da compositora e cantante Cris Román, con entrada gratuíta pero con reserva previa a través da páxina web do Concello ou na Casa da Cultura.



¡Para todo lo que tu automóvil necesita!



**Reparaciones Carlos, s. L.**

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
[jcpenelas@bosch-bcs.com](mailto:jcpenelas@bosch-bcs.com)



**MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR**  
Especialistas en mobile modular e agora tamén  
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

**PLAMOBLE**

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

# O Centro Ocupacional celebra 25 anos de inclusión e aprendizaxe

**Aínda que a data oficial é en decembro, decidiron adiantar os festexos para coincidir coas festas patronais, coas que colaboran todos os anos**

O Centro Ocupacional Vilalba-Terra Chá celebrou durante as festas de San Ramón os seus 25 anos de historia cun acto moi emotivo na Casa da Cultura, cheo de lembranzas, recoñecementos e gratitude a todas as persoas que formaron parte deste proxecto ao longo de dúas décadas e media.

Aínda que a data oficial de aniversario é en decembro, decidiron adiantala porque este colectivo participa todos os anos activamente nas festas e quería ter un marco especial para esta celebración. Un vídeo e unha exposición fotográfica resumen o que é e o que significa para Vilalba este proxecto de vida.

O centro botou a andar en decembro do ano 2000, nun local municipal situado en Os Freires, e fíxoo cun obxectivo claro: "Proporcionar un entorno adecuado para o desenvolvemento persoal das persoas adultas con diversidade funcional da comarca da Terra Chá", lembra Belén Varela Leal, directora do servizo.

Dende aquela, o cambio foi enorme. "Comezamos con 13 usuarios e un

único obradoiro, o de serigrafía. Agora contamos con 32 persoas usuarias, unhas instalacións modernas e tres obradoiros: serigrafía, carpintaría e xardinaría con horticultura terapéutica", explica Varela, quen destaca que o novo edificio, no que levan xa 20 anos, permite desenvolver moitas máis actividades e proxectos. A xornada no centro organízase entre as dez da mañá e as cinco da tarde. Os usuarios xantan alí e participan en quendas de traballo nos diferentes obradoiros, ao tempo que se programan actividades deportivas, de estimulación cognitiva e de axuste persoal. "A nosa finalidade é posibilitar o desenvolvemento ocupacional, persoal e social das persoas atendidas para superar os obstáculos que a discapacidade lles supón á súa integración social e laboral", resume a directora.

No día a día, o centro atende persoas chegadas de distintos puntos da comarca, como Vilalba, Guitiriz, Xermade, Cospeito, Lourenzá ou Mondoñedo. Para facelo conta cun equipo técnico interdisciplinar for-

mado por unha psicóloga, unha psicopedagoga especialista en audición e linguaxe, tres profesores de obradoiro e unha coidadora.

As actividades non se limitan ás rutinas diarias. Durante o ano celébranse saídas e programas extraordinarios, pensados sobre todo para cubrir as necesidades de ocio das persoas usuarias. "Facemos de todo: serigrafía tradicional e agora tamén impresión dixital, traballos en madeira e a venda de plantas e produtos dos nosos invernadoiros. Os nosos clientes son particulares, empresas e tamén entidades públicas e privadas", explica Belén Varela.

O centro, ademais, ten unha forte vinculación coa vida social e cultural da vila, participando na elaboración de decoracións, premios ou iniciativas.

De cara ao futuro, o obxectivo é seguir avanzando na inclusión. "Queremos visibilizar o que as persoas con diversidade funcional poden aportar á sociedade, tanto colectivamente como a nivel individual", sinala a directora. Para iso, entre os proxectos



máis inmediatos está consolidar a produción de impresión dixital, ampliar o mercado dos produtos de carpintaría e continuar mellorando a calidade de vida das persoas usuarias. O sostemento do centro chega a través do concerto social coa Xunta de Galicia, das achegas do Concello de Vilalba, subvencións públicas e privadas, a contribución das familias

e a venda dos produtos que elaboran nos obradoiros. Pero, máis alá da parte económica, o motor deste proxecto son as persoas. "O centro é hoxe unha realidade viva grazas ao compromiso dos profesionais, das familias e sobre todo dos nosos usuarios, que nos amosan cada día que a inclusión é posible e necesaria", conclúe Varela.

## XII FEIRA DE GANDO VACÚN DE CARNE

SÁBADO 20 DE SETEMBRO

FEIRA, MOSTRA, CONCURSO  
MERCADO MUNICIPAL DE FRIOL

EXPOSICIÓN  
RAZAS  
AUTÓCTONAS

POXA DE  
MACHOS E  
FEMIAS

### CATEGORÍAS

MACHOS MENORES DE 8 MESES  
FEMIAS MENORES DE 8 MESES  
MACHOS DE 8 A 18 MESES  
FEMIAS DE 8 A 24 MESES  
VACAS  
TOROS

### PREMIOS POR CATEGORÍA

1º PREMIO: 150 €  
2º PREMIO: 100 €  
3º PREMIO: 50 €  
PREMIO ESPECIAL MELLOR LOTE: 200 €



## Organizado un ciclo de teatro para outubro

O Concello das Pontes porá en marcha, este outono, un ciclo de teatro no Auditorio Municipal Cine Alovi, que se desenvolverá os venres de outubro, do 10 ao 31, ás 20:30 horas. A programación inclúe catro obras de recoñecidas compañías galegas, con propostas que invitan á reflexión, á emoción e á reivindicación social, cun prezo simbólico de 5 euros por entrada, xa dispoñibles en [www.aspontes-sacatuentrada.es](http://www.aspontes-sacatuentrada.es).

O ciclo arrancará o 10 de outubro coa peza *Tromso*, da compañía Morraconto; unha viaxe poética e épica que reflexiona en clave de humor sobre a perda e o silencio que deixa a morte.

A seguinte semana, o 17 de outubro será a quenda para *O dragón de ouro*, de Sarabela Teatro; unha

potente dramaturxia contemporánea sobre a inmigración, a identidade e as desigualdades sociais, ambientada nun restaurante asiático.

Xa o 24 de outubro, chegará ao Auditorio Municipal Cine Alovi a obra *Reconversión*, de Ibuprofeno Teatro; un espectáculo de gran formato con oito actores-músicos que interpretan música en directo.

E o ciclo rematará o 31 de outubro coa peza *As fillas bravas de Momán*, de Chévere; un espectáculo musical e teatral que reivindica o papel da muller na cultura popular galega. Inspirado no cancionero tradicional e interpretado tamén en lingua de signos, ofrece unha mirada crítica e festiva sobre a sexualidade, os roles de xénero e a forza das voces silenciadas.

## As Pontes terá o día 20 a súa xornada de convivencia dos maiores

O Concello das Pontes celebrará o próximo sábado 20 de setembro, a partir das 13:00 horas, no Pavillón Polideportivo Monte Caxado, a segunda Xornada de Convivencia para Maiores, unha actividade dirixida á veciñanza do municipio maior de 65 anos.

Esta iniciativa ten co obxectivo fomentar a relación entre a veciñanza das diferentes parroquias e lugares da vila, ofrecendo un espazo de encontro no que as persoas maiores das Pontes sexan as protagonistas. Trátase dun recoñecemento ao seu papel fundamental dentro da sociedade pontesa.

Durante a xornada compartirase un xantar popular, haberá actuacións musicais en directo e finalizará cun

animado baile, nun ambiente pensado para o goce, a convivencia e a celebración.

Desde o goberno local, apóstate polas persoas maiores, que “representan unha parte esencial da nosa memoria colectiva, dos nosos valores e da nosa identidade como pobo. Actividades coma esta reflicten o compromiso do Concello por construír unha vila máis cohesinada, máis activa e máis xusta para todas as xeracións” subliña Tania Pardo, concelleira de Benestar Social.

Para participar será preciso inscribirse previamente, entre o 3 e o 12 de setembro, chamando aos números de teléfono 667 12 93 36 ou 981 44 10 08 (de 09:00 a 14:00 horas).

## Rematan a pista multideporte da Magdalena e licitan máis traballos

O Poboado da Magdalena contará proximamente cun novo espazo lúdico e deportivo coa inminente entrada en servizo da pista multideporte, un proxecto que ten como obxectivo prioritario mellorar a funcionalidade, seguridade, eficiencia enerxética e sustentabilidade desta praza.

Así, a instalación desta pista multideporte permitirá a reorganización do espazo tendo como obxectivo prioritario o lecer e a convivencia, creando un ámbito de xogo multideporte, renovando os itinerarios pavimentados e adaptándoos ás características dos xa remodelados na contorna.



**PRAZA DO BARREIRO.** O Concello das Pontes vén de adjudicar o proxecto de reurbanización da Praza do Barreiro, unha intervención que forma parte da estratexia municipal dos últimos anos para mellorar a calidade dos espazos públicos destinados ao lecer e á convivencia cidadá, á empresa Construcciones Fego Atlántico SL.

O proxecto, cun orzamento de 372.644,07 euros, con cargo á Deputación da Coruña ten como obxectivo recuperar este espazo emblemático do poboado do Barreiro, transformándoo nun lugar atractivo, inclusivo e ambientalmente sostible.

As obras contemplan unha actuación integral destinada a transformar a actual Praza do Barreiro nun espazo público máis funcional, accesible, seguro e sostible. Para iso, defínense varias liñas de intervención que afectan a distintos ámbitos clave.

**PONTE DE PEDRAFITA.** Por outra banda, o Concello vén de licitar o proxecto construtivo para a reparación da ponte sobre o río Chamoselo, situada na Pedrafita, parroquia do Aparral, cun orzamento de 96.110 euros.

Os traballos buscan solucionar os danos estruturais ocasionados po-

las fortes chuvias dos últimos dous anos, que provocaron un aumento do caudal do río e o colapso da ponte e dos muros de escollera que protexían a estrada, causando o afundimento do viario.

**RÚAS.** Tamén se aprobou o expediente de licitación das obras da pavimentación e os servizos na rúa Anduriñas así como os traballos de traslado da marquesiña á rúa Camélias, un proxecto cun orzamento de 223.349 euros, con cargo á Deputación da Coruña. Así mesmo, continúan os traballos de mellora na Rúa Real (fase 1) e na Rúa A Balsa (fase 2), na zona da Vila e a súa contorna.

## Depedro actuará o día 3 no Alovi

O próximo 3 de outubro, o músico Jairo Zavala, máis coñecido como Depedro, actuará no Auditorio Municipal Cinema Alovi das Pontes a partir das 20:30 horas nun concerto moi especial. Nesta ocasión, o artista presentará o seu máis recente traballo, *Un lugar perfecto*, nun formato acústico que permitirá ao público gozar dunha experiencia única.

No seu sétimo álbum de estudio, Depedro explora unha xeografía folclórica e emotiva, profundando na



esencia humana a través da memoria, o amor e a esperanza.

Tal como sinala o propio músico, *Un lugar perfecto* é ese “lugar emocional ao que tentamos chegar”, un espazo no que o camiño ten tanta importancia como o destino.

Este proxecto invita a vivir a vida como peregrinos e non como simples espectadores, promovendo a reflexión e a reconexión co esencial nun mundo cada vez máis acelerado e afastado.

**POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA**

**CARACOL +**

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • [decoplusvilalba@gmail.com](mailto:decoplusvilalba@gmail.com)

982 887 932 / 604 049 938 • [caracol.plus](http://caracol.plus)



# As Pontes inviste 47.000 euros no programa ‘Eu almoço no cole’

O Concello das Pontes reservará 47.000 euros do seu orzamento para financiar o programa ‘Eu almoço no cole’ no próximo curso escolar. A proposta, xestionada a través das ANPAS dos centros de Educación Primaria, beneficiou no último ano a máis de 120 familias da localidade.

A concelleira de Benestar Social, Tania Pardo, destacou que “este programa, posto en marcha no ano 2019, ten como obxectivo principal axudar ás familias pontesas a compatibilizar a vida laboral e familiar, ao tempo que promove hábitos saudables entre a poboación máis nova mediante propostas de almozos baseadas

no consumo de froitas e lácteos, así como actividades lúdicas relacionadas coa práctica de exercicio físico”.

Pardo subliñou tamén que “nestes 15 anos comprobamos como cada vez son máis as familias que, por incompatibilidades horarias, precisan deixar aos seus fillos e fillas no colexio antes do inicio da xornada escolar. Ademais, o programa conta cunha excelente acollida entre o alumnado. Estas son as razóns principais polas que o goberno local aposta por manter e incrementar a partida orzamentaria desta iniciativa municipal, para continuar dando resposta ás necesidades da veciñanza”.

## AXENDA DE ACTIVIDADES

**FESTIVAL.** As Pontes converterase nun referente do deporte e da convivencia o 13 de setembro ás 9.00 horas coa celebración do primeiro Festival de Barco Dragón no Lago das Pontes. A cita, organizada polo Club Náutico Foliña coa colaboración do Concello, a Deputación da Coruña e a Federación Galega de Piragüismo, dará comezo ás 9 da mañá e reunirá participantes de diversas categorías. O evento contará con competicións nas modalidades DB12 e DB22, nas categorías BCS/ACS, mixto e feminino, así como na espectacular Dragon Boat Battle.

**A FAEIRA.** A parroquia de A Faeira celebra a fin de semana do 3 ao 5 de outubro as súas festas patronais comezando o venres cunha churrascada por 15 euros. Os interesados en apuntarse poden facelo antes do 1 de outubro nos teléfonos 637 952 986 ou 664 641 593. O sábado a actividade dará comezo ás 13.00 horas cunha misa solemne

seguida dunha sesión vermú a cargo do grupo Los Key. Esta mesma orquestra unirse á Cinema para a gran verbena. O domingo 5 continuarán as celebracións con misa ás 13.00 horas cantada pola coral Airiños da Capela. A sesión vermú longa que virá a continuación, co dúo Maraúyá porá o punto e final ás festas.

**AS CAMPEIRAS.** A Asociación de Veciños das Campeiras celebrará o domingo 28 de setembro o seu 35º aniversario, coincidindo co 25º aniversario da inauguración do seu local social. A xornada festiva comezará ás 13:00 horas cun pasarrúas a cargo do grupo de gaitas Canavella, que dará paso ao xantar de confraternidade. Pola tarde, a programación continuará ás 16:30 horas cun bingo animado por La Calamares. A música tradicional chegará ás 18:00 horas coa actuación da Rondalla de Mugaridos e da Rondalla Vila de As Pontes. O broche final será ás 20:00 horas cun baile co dúo Caramelo.

# “Ela contaba as súas ideas para a historia e eu facía o esquema”

A pontesa de nove anos Oriana Mateus Hernández, xunto a Francisco Manigrasso, debutaron no mundo literario con ‘Mágicos Cupcakes’

## Como xurdiu a idea de facer este libro?

Eu (Francisco) sempre ando con algún libro debaixo do brazo. Oriana, cando me vía lendo no bar dos pais, preguntábame de que se trataba, e eu explicáballe. A nai díxome un día que a Oriana custáballe moito poñerse a ler, e eu, nun dos encontros coa nena, pregunteille por que. Contoume que non atopaba nada que lle interesase, así que se me ocorreu propoñerlle que escribise o seu propio libro, que eu a axudaría. Así íalle interesar seguro. Esa idea gustoulle moito e así empezou todo.

## Como reúnen esforzos para facer posible esta primeira obra?

Quedabamos polas tardes no bar dos pais de Oriana. Ela contaba as súas ideas para a historia e eu facía o esquema do libro. Ademais, a nena encargouse de facer todos os debuxos do mesmo (incluída a portada), que ao final pasamos por un filtro de IA para darlles máis profesionalidade sen perder a estrutura ideada por Oriana. Tarde tras tarde ía escribindo e dándolle forma á historia ideada pola nena e, se quedaba sen material, preguntáballe como lle gustaría seguir.

## De onde xurdiu a historia?

A totalidade da historia xurdiu da imaxinación de Oriana. Eu só a estructurei e a plasmei dunha forma literaria.

## Que nos conta Mágicos Cupcakes?

É a historia de dous amigos que investigan unha misteriosa pastelería que elabora uns cupcakes que proporcionan poderes máxicos. As aventuras destes dous personaxes alárganse ata a vellez e están cheas de sorpresas para o lector.

## Que aceptación tivo no público?

Estamos moi contentos coa acollida. A xente interesouse moito pola historia e chámamos a atención que tamén está a gustar moito aos lectores adultos, xa que se trata dun libro cheo de mensaxes de vida que fan reflexionar.



## Como foi a busca de editorial?

Como non queríamos esperar meses pola resposta dalgunha editorial, optamos pola autopublicación. A maioría das editoriais de autopublicación requiren bastante investimento inicial, pero ao final atopamos Bookmundo, que nos permitía a impresión baixo demanda e todo o proceso de rexistro por un investimento bastante menor ca as outras.

## Teñen pensado facer presentacións do libro?

A Oriana gustaríalle facer unha presentación no seu colexio, pero está pendente de falar e organizar co centro.

## Xa están traballando nunha segunda peza?

De momento non contemplamos unha segunda peza, pero sería factible.

## FRANCISCO

## Como se dá o salto da música á escrita?

Son un lector empedernido dende moi novo. E, ao igual que fago coa miña música, gústame contar historias. A única diferenza é que, en vez de usar notas e un pentagrama, nesta ocasión tratouse de palabras e dunha folla en branco.

## Non é das Pontes, como escolleu este lugar para vivir?

Por pura casualidade. Eu vivía na Coruña e buscaba un lugar máis

tranquilo para traballar e compoñer. Xurdíume unha oportunidade de mercar algo nas Pontes e cando vin o lugar, rodeado de natureza, namoreime e non o pensei dúas veces.

## Se non me engano, é músico, informático e escritor, con que faceta queda?

A música e a literatura son as miñas paixóns. A informática é a miña profesión, que tamén adoro, e é a que paga as facturas. Deste xeito podo dedicarme a escribir e compoñer sen a presión de ter que publicar nunha data específica ou que unha editorial ou discográfica me impoña nada.

## ORIANA

## O teu futuro está en ser escritora?

Gústame crear contos e ter moita imaxinación, pero o día de mañá gustaríame ser outra cousa, como por exemplo mestra, perruqueira ou traballar no bar da miña nai e da miña tía porque está ao lado da miña casa.

## Ademais de escribir, que outras paixóns tes?

Gústame pintar, tocar o piano, debuxar, bailar e gústame comer.

## Como van as cousas no colexio? Gústache estudar?

Este curso pasado foime máis ou menos; fíxoseme difícil, pero gústame ir igualmente. Gústame facer exercicios na clase e a miña mestra Berta é moi boa.

Cuando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí


Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](https://edpenergia.es)

# DEPEDRO

GIRA UN LUGAR PERFECTO · FORMATO SOLO ACUSTICO



**AS PONTES**  
**AUDITORIO MUNICIPAL CINE ALOVI**  
**3 DE OUTUBRO 2025**

ENTRADAS EN [ASPONTES.SACATUENTRADA.ES](https://aspontes.sacatuentrada.es)





## Acaba a rehabilitación do Centro Social de Vilalvite

O Concello de Friol anunciou a finalización das obras de rehabilitación integral do Centro Social da Parroquia de Vilalvite, unha intervención que supón un paso fundamental para fortalecer a vida comunitaria da zona. O proxecto contou cun investimento total de 47.000 euros, dos cales o 90 % foi financiado pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

A última fase incluíu a instalación de subministración de auga mediante perforación, o remate dos acabados interiores e a pintura exterior, dotando ao centro das condicións necesarias para acoller unha ampla variedade de actividades sociais, culturais e lúdicas.

O alcalde, José A. Santos, destacou que “este espazo renovado está pensado como un punto de encontro onde veciños e veciñas poidan compartir, aprender e crecer xuntos, promovendo o espírito de comunidade que tanto nos define”.

Segundo indicou o rexedor, o novo Centro converterase nun referente para a dinamización da vida local, favorecendo a organización de eventos e programas que impulsen a participación cidadá e a cohesión social.

As instalacións levantarán nunha parcela de 75.921 metros cadrados e contarán cunha superficie construída de 12.597,74 destinada á incubación. O centro estará dotado con tecnoloxía de vangarda que permitirá acadar unha capacidade de produción de ata 1,5 millóns de ovos por semana, o que se traduce en 62,4 millóns de polos ao ano. Na súa primeira fase, o proxecto prevé a creación de 22 empregos directos e 10 indirectos, ofrecendo novas oportunidades laborais tanto

## Unha empresa catalá investirá 20 millóns nun centro de incubación

O grupo catalán Vall Companys anunciou a construción dun moderno Centro de Procesado de Primeira Transformación para a incubación de ovos no concello de Friol. O proxecto, que supón un investimento inicial de algo máis de vinte millóns de euros, ten como obxectivo impulsar o desenvolvemento industrial e económico do municipio e da súa contorna.

As instalacións levantarán nunha parcela de 75.921 metros cadrados e contarán cunha superficie construída de 12.597,74 destinada á incubación. O centro estará dotado con tecnoloxía de vangarda que permitirá acadar unha capacidade de produción de ata 1,5 millóns de ovos por semana, o que se traduce en 62,4 millóns de polos ao ano.

Na súa primeira fase, o proxecto prevé a creación de 22 empregos directos e 10 indirectos, ofrecendo novas oportunidades laborais tanto



para a poboación local como para as zonas próximas. Ademais, a posta en marcha deste centro permitirá internalizar o proceso de incubación, optimizando a cadea de subministración, reforzando o control de calidade e reducindo os tempos de distribución, co que se garantirán produtos máis frescos e seguros para

os consumidores.

Desde Vall Companys destacaron o papel fundamental do Concello de Friol e do seu alcalde no desenvolvemento desta iniciativa. “Sorprendeunos gratamente o acompañamento do alcalde e o seu asesoramento na tramitación do proxecto, ao que lle estamos eternamente agradecidos.

### EN BREVE

**XEODESTINO.** O 13 de setembro, Friol converterase na quinta parada do programa Xeodestino Comarca de Lugo e Terras da Ulloa sen fronteiras, unha iniciativa financiada pola Xunta que busca poñer en valor o patrimonio natural e cultural da provincia. A actividade consistirá nun paseo guiado de 4 quilómetros de distancia, que se desenvolverá entre as 11:00 e as 13:00 horas. O punto de encontro será a Praza Anón Cebreiro, desde onde partirán os participantes acompañados dun guía especializado. As prazas son limitadas e cubriranse por orde de inscrición. As persoas interesadas poden anotarse a través do correo [info@comarcadelugo.gal](mailto:info@comarcadelugo.gal)

**FESTA DO SOCIO.** A Asociación Cultural Festas Santa Isabel organiza o sábado 27 a tradicional Festa do Socio en Friol. A cita terá lugar no pavillón municipal a partir das 21:30 horas e reunirá veciños e veciñas arredor dunha cea con paella e churrasco. A celebración incluírá música, sorteos, agasallos e diversas sorpresas para animar unha noite que busca ser un punto de encontro e convivencia. A inscrición é obrigatoria para poder participar na cea, cunha cota gratuíta para socios e un prezo de 20 euros para os non socios. O prazo para anotarse remata o 22 de setembro e pode facerse a través de Luis Farras, Morandeira, Alejo, Jorge ou Rafa.

## Convocada a XII Feira do Gando Vacún de Carne

O Concello de Friol presenta o cartel da edición número doce da súa feira de gando vacún, que este ano se celebrará o sábado día 20 de setembro.

Este ano celebrarase unha vez mais a poxa de gando, na que poderán participar todas as persoas interesadas, retirando previamente a súa tarxeta, para o que haberá un lugar habilitado, no que poderán inscribirse para participar na mesma.

O transcurso da feira, como en anos anteriores, terá lugar pola mañá no mercado municipal, finalizando coa entrega dos premios correspondentes e coa celebración das citadas poxas, que en esta duodécima edición é a terceira vez que

se celebran, e un reclamo para os gandeiros que achegan cabezas á feira, e tamén un reclamo para a xente que visite Friol e a feira, e para todos os interesados en participar en este tipo de compra-venta de gando.

O gando participante opta a premios en metálico, que suman 20.000 euros, e trofeos, que se dividen en diferentes categorías. Hai un premio especial de 200€ que levará a gandaría que asista co mellor lote.

Ademais, como novidade de este ano, haberá unha exposición de exemplares de razas autóctonas, como son a Frieira, Limiá, Caldelá e Cachena.

## Abre a inscrición no servizo de madrugadores

O Concello continúa co seu programa de conciliación da vida familiar e laboral, e para iso levará a cabo o próximo curso unha nova edición do servizo de Madrugadores, do que se poderán aproveitar as familias con alumnos e alumnas matriculados no CPI Doutor López Suárez de Friol.

Este servizo estará en funcionamento durante todo o curso 2025-2026, dende as 7.45 ata as 9.45, que é cando xa comeza a xornada escolar. Levarase a cabo dentro do recinto escolar, e haberá persoal suficiente encargado de atender as necesidades dos usuarios, polo que as familias poden deixas os nenos ou nenas cando o necesiten e xa irían para a clase correspondente cando comece o horario lectivo do centro.




**TOSHIBA**  
Distribuidor oficial de sistemas de impresión Toshiba


**Medinformática**  
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES  
Distribuidor de software L@ndín  
Gest@n TPV software para comercios  
C/ SANTIAGO 1, BAJO D - 27004 LUGO  
Tels. 982 254 813 - 982 241 601 / [tienda@medinformatica.es](mailto:tienda@medinformatica.es)  
[www.medinformatica.es](http://www.medinformatica.es)

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

# Luz verde para levantar un centro de interpretación da natureza

A Xunta colaborará co Concello de Friol para financiar a execución dun centro de interpretación da natureza na parroquia de San Pedro de Narla, que suporá un investimento de 220.458 euros. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, xunto ao secretario xeral técnico da Consellería, Yago Borrajo, e a directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, asinou hoxe co alcalde do municipio lucense, José Ángel Santos Sánchez, o convenio para a posta en marcha destes traballos, que se enmarcan no Plan Hurbe.

A través desta colaboración, selada hoxe en San Caetano, trátase de executar as obras de construción dun centro de interpretación da natureza na parroquia de San Pedro de Narla nunha parcela cunha superficie total de 1.588 m<sup>2</sup>. Proxéctase así, unha edificación de tipo tradicional, en consonancia coas edificacións existentes no núcleo de Narla. Dispoñeráse no extremo suroeste da parcela, deixando libre a maior parte da parcela, e respectando as distancias necesarias dos lindeiros.

O obxectivo desta cooperación do departamento que dirixe María M. Allegue é aproveitar o crecente interese polo turismo rural e o contacto coa natureza, creando un centro de interpretación da natureza no muni-



cipio lucense. No devandito centro preténdese, por unha banda, levar a cabo diversas actividades educativas e divulgativas dirixidas a coñecer a natureza, por exemplo o ciclo das árbores, desde a súa plantación ata a súa tala e a súa transformación en madeira ou o proceso da produción de sementes, plantación de hortos, coidados forestais, utensilios e ferramentas de traballo, coidados e características dos montes, etc.

Por outra, preténdese destinalo a centro de formación ecolóxica e actividades agroforestais, obradoiros de emprego relacionados coa natureza, cursos e charlas informativas.

As obras contarán cun prazo de execución de 10 meses e o convenio asinado hoxe estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

A Xunta cofinanciará nun 70% estas

intervencións, cun investimento de case 155.000 euros (154.321€), e contratará e executará as obras. Pola súa banda, o Concello de Friol achegará o 30% restante do custo das actuacións (66.137€), realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

O acordo selado hoxe enmácase no Plan Hurbe. o programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, coincidentes coa realización de actuacións de mellora de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

## O Concello friolés mellora os accesos a diversos núcleos rurais

O Concello de Friol iniciou as obras de pavimentación de accesos aos núcleos de Castorres, Casanova, Corteporcós, Macedo a Heidreira, Carballal, O Rebolo e Todón. Esta actuación está incluída no Plan Provincial de Cooperación cos Concellos 2025. O proxecto, cun orzamento total de 180.000 euros, ten como obxectivo mellorar a infraestrutura viaria rural, facilitando a mobilidade e aumentando a seguridade para os veciños e usuarios destas vías. As melloras contribuirán a un tráfico máis fluído e seguro, reducindo o risco de accidentes e mellorando a accesibilidade, especialmente para vehículos de emerxencia e transporte escolar.

“Ademais, estas actuacións terán un impacto positivo na dinamización



económica local, facilitando o acceso ás explotacións agrogandeiras e promovendo o desenvolvemento de actividades comerciais e turísticas na zona”, dixo o alcalde, José Ángel Santos. O Concello de Friol reafirma así

o seu compromiso co desenvolvemento do medio rural e a mellora da calidade de vida dos seus habitantes, apostando por infraestruturas que favorezan a fixación de poboación e a sustentabilidade territorial.

**CAFÉ-BAR  
TORRE LAVEGA**  
DESDE 1964

*Xa estamos  
de volta*

**JRoca**  
INMOBILIARIA

**ROCA & PRADO**  
ABOGADOS

**Campelos, Villalba**  
Finca rústica | 7 Dorm | 2 Baños | 380m<sup>2</sup> **340.000 €**  
Vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. Ideal para casa de turismo rural, se encuentra cerca del camino de Santiago. En la planta baja esta la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajo cubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un hórreo.

**Calle Basanta Silva, Villalba**  
Oficina | 1 Baños | 75m<sup>2</sup> **30.000 €**  
Se vende entresuelo céntrico, distribuido en dos despachos, un archivo, un baño y una zona de espera. Los dos despachos tienen ventana a la calle.

**Calle Cidade de Lugo, Villalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 105 m<sup>2</sup> **135.000 €**  
Se vende piso amueblado, con muy poco uso, de 3 dormitorios, cocina-salón, dos baños y terraza. Dispone de ascensor, calefacción de gas ciudad, una amplia plaza de garaje en el mismo edificio y un trastero.

**Calle Santa Ana, Viveiro**  
Casa/Chalet adosado | 3 Dorm | 1 Baños | 92m<sup>2</sup> **120.000 €**  
En Celeiro, Lugo, este encantador chalet adosado te ofrece la combinación perfecta de comodidad y cercanía a la playa. Con una estructura de dos plantas, además, podrás disfrutar de un patio privado de aproximadamente 20 m<sup>2</sup>, ideal para relajarte al aire libre o compartir momentos inolvidables con amigos y familiares. No dejes pasar la oportunidad de vivir en una zona tranquila y a pocos pasos de la playa.

**Calle Abadín, Vilalba**  
Vivienda unifamiliar | 330 m<sup>2</sup> **305.000 €**  
Se vende vivienda unifamiliar, de unos 330 m<sup>2</sup>, totalmente acondicionada, repartida en bajo y dos plantas. Dispone de garaje para tres vehículos y tiene un terreno a la espalda de 290 m<sup>2</sup>. Ubicación céntrica, teniendo cerca todos los servicios, ambulatorio, guarderías, parques, farmacias.

**Carrizo, Santaballa, Vilalba**  
Terreno Urbano (solar) | 1.034 m<sup>2</sup> **22.000 €**  
Se vende parcela edificable de 1.034 metros cuadrados, para hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso, se encuentra cerca de la charca del Alligal, aproximadamente a 1 km de la autovía Ferrol-Vilalba.

**Ribadeo, Vilalba**  
Casa/Chalet adosado | 5 Dorm | 2 Baños | 184m<sup>2</sup> **118.000 €**  
En Vilaba (Lugo), en zona céntrica, se vende vivienda unifamiliar, de planta baja y piso. La vivienda tiene placa y puede dividirse en dos viviendas, ya que en ambas plantas hay cocina y baño. Necesita reforma.

**Ronda de la Muralla, Lugo**  
Local en venta | 96 m<sup>2</sup> **180.000 €**  
En Lugo, en las proximidades del edificio de la Xunta, se vende local en bruto, con una superficie útil en planta de 48 metros cuadrados con altura de 5 metros, lo que permite hacer un local de planta baja y piso, con una superficie total en torno a los 100 m<sup>2</sup>. Tiene salida de humos y todas las preinstalaciones necesarias para montar cualquier negocio.

**Santa Cristina, Cospeito**  
Finca rústica | 4 Dorm | 2 Baños | 168m<sup>2</sup> **50.000 €**  
En Santa Cristina, Cospeito (Lugo), se vende casa de pueblo para restaurar con dos plantas de 84 m<sup>2</sup> cada una. En la planta baja está un hall de entrada, cocina muy amplia, un dormitorio y un cuarto de baño. En la planta alta, tres dormitorios, un cuarto de baño y un pequeño hall. Hay un anexo destinado a cuadra, un horno y garaje con tejado nuevo.

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**  
**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles  
Comunidades - Penal**  
Plaza de Suso Gayoso n° 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)  
Carril de Catasol n° 1.- 1° A.- 27002 (Lugo)  
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720  
[www.rocaabogados.info](http://www.rocaabogados.info)  
[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)

# “O Real Aeroclub protexe un patrimonio que é de todos”

Falamos con Fran Abelleira, presidente da entidade desde 2024

Jessica Fernández

**Como xorde un pouco a idea de levantar o Real Aeroclub de Lugo?**

O aeródromo xorde nos anos 40, no contexto do Sistema Consol, que era un sistema de radio detección que utilizaba o Exército do Aire para posicionar e seguir os barcos e avións que pasaban polo Atlántico e o Cantábrico. Entón, a Terra Chá era unha localización excelente, pola súa proximidade á costa e a boa orografía da zona. Así, como a tecnoloxía era alemá e necesitaba un mantemento, substituír pezas para seguir mantendo o sistema Consol, déronse conta de que era moito máis cómodo traer as pezas e os enxeñeiros desde Alemaña. Polo que o que fixeron foi preparar unha zona para aterrizar con avións. Así, montaron unha pista de aterraxe con tres hangares, dos cales un deles aínda queda o orixinal. Posteriormente, cando se abandona o sistema, nos anos 50, o Ministerio de Defensa dáse conta de que ten alí tres hangares que non están a usar para nada, polo que comezan a desmontalos, dous deles con éxito. O alcalde de Lugo daquela época, Ramiro Rueda, xunto a outro grupo duns 12 persoas déronse conta de que, para evitar o desmantelamento do último hangar que quedaba alí, tiñan que moverse rápido. Foron a Madrid, solicitaron permiso ao Ministerio para que non desmontasen ese hangar e llo deixasen para crear unha escola de pilotos e poder así divulgar a afección ao voo. É nese momento, sobre o ano 1959, cando se constitúe o Real Aeroclub de Lugo, que conta ata o día de hoxe cunha concesión para poder usar dito espazo. E así comezaron, pouco a pouco, mercando avionetas co seu propio diñeiro, e solicitando ao RACE (Real Aeroclub de España) un avión para formar a futuros pilotos, así nace a escola de pilotos e o Aeroclub como o coñecemos hoxe en día, que é un sitio onde veñen afeccionados ao voo que queren conseguir a súa licenza de piloto, ou voan nun avión do club por afección. Cómpre destacar que cando estaban facendo as obras do aeroporto de Santiago nos anos 50, Lugo foi o único aeroporto de Galicia durante catro anos. Así, o voo que se facía Madrid-Santiago, aterraba en Lugo e desde alí levábase á xente en autobuses a Santiago.

**Como é o Aeroclub hoxe?**

Agora mesmo estamos nun momento positivo, tivemos uns anos cun pequeno parón na escola de pilotos, pero cando asumín a presidencia o meu primeiro obxectivo foi poñer

en valor a escola de pilotos, porque para min é moi importante. A difusión do voo é primordial, ademais de que eu veño dunha saga familiar na que todos voamos, e esa faceta do aeroclub é moi importante. Así, conseguín traer un instructor de Madrid e agora mesmo temos unha escola de pilotos con 10 alumnos, polo que vai moi ben. Somos sobre 150 socios que veñen ás instalacións recreativas de voo e piscina, e ademais temos unha galería de tiro, que acolle o club de tiro do Real Aeroclub de Lugo, que suma outros 750 socios, polo que, en total, das modalidades deportivas que temos no aeroclub, somos máis de 900 socios. Cómpre resaltar a importancia e peso do club de tiro do Real Aeroclub de Lugo, xa que gañan campionatos autonómicos, nacionais e mundiais.

**Como valora este tempo como presidente?**

O meu tío avó foi un dos fundadores, o meu avó daba instrución aos alumnos nos anos 60, o meu pai foi presidente do aeroclub durante 40 anos e o ano pasado, en 2024, o meu pai decidiu retirarse e eu vinme co compromiso de seguir co legado, porque para min o aeroclub é super importante, eu nacín alí, comecei a voar alí de neno e non concibo a miña vida sen o aeroclub. Estou contento porque o aeroclub vai ben, porque a escola de pilotos vai ben, pero é certo que dá moito traballo, as relacións coa administración son laboriosas, e quita moitas horas. Entón, poñéndoo nunha balanza, claro que me sae positivo, pero polo amor familiar, a tradición, e o amor ao voo. Pero realmente é moi complicado, porque fágoo como afección, e estar lidando coa administración, coa AESA, co Ministerio de Defensa... só como unha afección, é complicado,

pero si, estou contento.

**Contan con axudas?**

O Aeroclub é unha entidade deportiva sen ánimo de lucro, mantémosnos coas cotas dos socios e obtemos ademais unha axuda, grazas ao polo tecnolóxico que instaurou a Xunta de Galicia, e o centro de investigación que ten o INTA, que depende do Ministerio de Defensa, que nos axudan cunha parte dos gastos de xestión aeronáutica, porque nós somos os xestores aeronáuticos do campo, e encargámonos ademais do mantemento das servidumes aeronáuticas, que se chaman. O Aeroclub de Lugo é o responsable de manter as instalacións, a pista e toda a zona de voo, que inclúe o espazo aéreo de ata 5 concellos distintos (Lugo, Outeiro de Rei, Pol, Castro de Rei e A Pastoriza).

**“O Aeroclub tamén presta os voos de introdución, os coñecidos como bautismos do aire, durante todo o ano”**

Temos ademais axudas a nivel institucional por parte da Deputación de Lugo e do Concello de Castro de Rei para organizar o Critérium Aeronáutico de Galicia, pero é unha pequena parte, xa que o evento nos custa máis do que ingresa, pero é un “escaparaté” moi importante para achegar a aeronáutica ao público.

**Entón, cales son as necesidades?**

Isto sen diñeiro é inviable de soste, xa que somos un club sen ánimo de lucro e imos investindo nos avións, as instalacións... Os socios pagamos un pouco o custo do que é manter



todo isto. Pero hai que ter en conta que o Aeroclub de Lugo está protexendo o que é un patrimonio de todos, porque ese hangar dos anos 30, ese aeródromo en xeral feito polos alemáns para dar un servizo a un sistema de teletransmisión dos anos 40, iso é patrimonio de todos. E ademais son os inicios da aviación no noso país. O Aeroclub de Lugo é parte dos inicios da aviación nacional. A verdade é que me gustaría obter un maior apoio por parte da administración.

**Fálanos máis a fondo do Critérium para quen non o vivise.**

Durante o Critérium, ademais das exhibicións de profesionais do voo, temos paracaidismo, globo aerostático, avións acrobáticos, aeromodelismo... que só veñen a fin de semana do festival. O noso evento, por exemplo, coincide co de Xixón. Eu este ano trouxen a Camilo Benito, que se dedica a facer exhibicións aéreas, pero aquí ti coñéceo e voas con el, algo que nos diferencia. Porque ti podes ir ao festival de Xixón e ver como fan unha táboa acrobática sobre a praia de San Lorenzo, pero no Critérium aeronáutico súbete ao avión co piloto, é unha experiencia única. A min ponme a pel de galiña ter este privilexio en Lugo. O Critérium aeronáutico permítete subir ao avión, saltar en paracaídas ou

facen un voo acrobático con eses pilotos acrobáticos que van a eses festivais a nivel nacional e internacional.

**Que máis actividades teñen durante o ano?**

Ao longo do ano temos a escola de pilotos, avións a disposición dos socios para que poidan voar a un prezo moi económico, a piscina, a galería de tiro e un restaurante. O Aeroclub tamén presta os voos de introdución, os coñecidos como bautismos do aire, durante todo o ano. Unha das nosas principais funcións é a de promocionar e difundir a afección ao voo. Non só para os pilotos, para calquera persoa que se achegue ao aeroclub, pode encargarse un voo turístico e ver Galicia desde o aire, é espectacular ver Lugo, ou os canóns do Sil, a praia das Catedrais... temos unha paisaxe espectacular. O prezo varía dependendo das persoas que sexan e o tipo de avión que usamos.

**Con respecto ao futuro, que proxectos teñen?**

Eu, proxectos, teño moitos. Hai moitas ramas polas que tirar na aeronáutica. Gustaríame montar unha escola de piloto de ultralixeiros. Pero claro, para iso necesito ter un instructor, mercar un ultralixeiro, que custa sobre os 100.000 euros, e é un diñeiro que non teño. E con respecto a globos aerostáticos, estou en conversas cunha empresa para que veñan aquí a Lugo, e poder ofrecer viaxes en globos aerostáticos durante o ano. Prevención de futuro haina, porque son novo e teño moita esperanza e confío enormemente no potencial do aeroclub. Pero temos que ir paso a paso, pouco a pouco. Todo leva moito tempo, xestións coa administración, permisos da AESA... Entón, agora no curto prazo, seguir apostando fielmente pola escola de pilotos e tentar montar as viaxes en globo aerostático. E, despois, de cara ao futuro, aeromodelismo, aeroestación, ala delta, paracaidismo, paramotor, parapente, voo a vela, voo acrobático, etc. Dentro da aviación hai moitas ramas que tocar. Entón, podemos tirar por moitos lados de cara ao futuro.



## Atopan no Castro de Viladonga a primeira moeda romana da Caetra

A nova actuación arqueolóxica impulsada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude no Castro de Viladonga tivo entre os resultados máis destacados a exhumación da primeira moeda romana da caetra localizada no xacemento. Os expertos subliñan que o achado reforza a teoría da relación que tivo este xacemento castrexo coa cidade romana de Lucus Augusti xa dende unha época moi temperá.

Atopouse durante os traballos de escavación, que permitiron documentar a existencia, baixo o pavimento da vivenda, dunha fosa escavada na rocha que, á falta do estudo pormenorizado dos materiais, todo indica que pode tratarse dunha fosa de cremación. O material recupera-



do na mesma – fragmentos óseos, restos de carbóns, eslavóns dunha codeína de bronce, varios fragmentos cerámicos atribuíbles á II Idade do Ferro, unha fusaiola, unha doa

de pasta vítrea e unha moeda – e a súa sinalización superior cunha composición case circular de seixos e pequenas lousas contribúen a manter esa explicación.

### Ponte de Outeiro dá inicio ás súas festas

Ponte de Outeiro estará de festas os días 12, 13 e 14 de setembro. O venres, a partir das 22.00 horas, contarase con pinchos veciñais e coa actuación estelar de Verónica Cambón e Eventec.

O sábado, iniciarase o día cunha sesión matinal diante da igrexa a cargo de Cerna de Árbol e Asubíos da Chaira. Seguidamente, terá lugar a misa, que será cantada pola coral Polifónica Virxe do Monte, e dará paso a unha sesión vermú amenizada por Los Españoles. Pola noite, Los Españoles volverán a actuar coa orquestra Cinema.

O domingo, a misa e a procesión, amenizada pola Agrupación Dambara Santo Inocencia de Burela, serán ás 13.45 horas e na sesión vermú e verbena dese día actuará o grupo Fénix.

## A Festa dos Ovos Rotos con Chourizo será o 13

O 13 de setembro, Ribeiras do Lea celebrará a III Festa dos Ovos Rotos con Chourizo, paralelamente á Feira de Artesanía. A xornada comezará ás 11:30 horas coa apertura da feira, que reunirá numerosos postos de produtos locais, e cun pasarrúas de música tradicional a cargo da agrupación cultural Andrade de Vilalba. Tamén pola mañá terá lugar a exhibición e concentración de coches clásicos e a terceira mostra de talleres de artesanía.

Un dos pratos fortes do día chegará ás 12:15 horas cunha máster class de ovos rotos con chourizo impartida polos cociñeiros lucenses Alejandro Méndez Lázare e Alejandro

Ares Aldariz, membros da asociación Agacal. A partir das 13:00 horas celebrarase un showcooking con degustación gratuíta de máis de 700 tapas elaboradas con este produto, seguido dunha sesión vermú co Trío Tapioca.

Xa ás 14:45 horas terá lugar un gran xantar popular baixo carpa no que se servirá empanada de ovos rotos con chourizo, panceta, pementiños e larpeira, acompañado de viño, auga, refrescos e café con gotas.

A programación da tarde inclúe xogos tradicionais con premios, a actuación da charanga Los Támega de Verín e unha festa musical a cargo do Trío Tapioca.

## Invisten máis de 114.000 euros na mellora de vías co Plan Camiña Rural

O Concello vén de poñer en marcha un ambicioso plan de rexeneración viaria ao abeiro do Plan Camiña Rural 2025-2026, impulsado pola AGADER da Xunta de Galicia. O investimento total ascende a 114.685 euros e permitirá mellorar a accesibilidade a vivendas e explotacións gandeiras en diferentes puntos do municipio.

As actuacións previstas inclúen a pavimentación en aglomerado en quente e a renovación do firme en catro zonas estratéxicas. En Santa Comba de Orizón acometerase a mellora dun tramo de 1.470 metros, desde o límite coa parroquia de Teixeira (Lugo) ata a estrada provincial LU-P-1114, facilitando o acceso aos núcleos de Freinoval e Orizón, así como a numerosas parcelas agrícolas.

En Pacios intervirase na estrada provincial LU-P-1106, dende a Es-

cola ata o Barrio do Alto, incluíndo o acceso ao cemiterio parroquial e ás explotacións gandeiras da zona, cunha lonxitude de 665 metros.

Pola súa banda, en Ponte de Outeiro mellorarase a estrada que conecta as vías provinciais LUP-1112 e LU-P-1106, nun treito de 915 metros. Finalmente, en Ramil acondicionarase o vial municipal que une A Granda coa estrada N-640, nun tramo de 780 metros esencial para o acceso a vivendas e explotacións gandeiras da conterna.

Desde o Concello de Castro de Rei destacan que estas obras son posibles grazas á axuda pública que cobre o 80% do investimento, e subliñan a importancia de actuar sobre “as vías máis deterioradas” para mellorar a calidade de vida da veciñanza e apoiar ao sector agrogandeiro.

## O Concello continúa co servizo de madrugadores

O Concello de Castro de Rei continuará co servizo de madrugadores este curso nos dous centros da localidade, o de Ramón Falcón, na capitalidade, e no Veleiro Do campo, en Castro Ribeiras de Lea. As actividades están destinadas a nenos e nenas matriculados nese centro cuxas idades estean comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Realizarase de luns a venres, agás en días non lectivos e o horario

será de 8.00 a 9.45 no Ramón Falcón e de 7.30 a 9.15 no Veleiro do Campo. Atenderase aos pequenos facilitando o almorzo que podan traer da casa.

A data de inscrición está aberta e esta debe facerse no Rexistro Xeral do Concello ou a través de sede electrónica. O custo do curso completo é de 60 euros, con rebaxa a 40 euros para o segundo irmán e de 30 para o terceiro.

# O que non arde

PROGRAMA PARA A PREVENCIÓN DE LUMES  
CON PASTOREO DE GANDERÍA EXTENSIVA

Prazo de solicitude: do 2 ao 29 de setembro

DEPUTACIÓN DE LUGO Rural

VICEPRESIDENCIA



**CERCUD.** O campamento do Cercud de Baamonde convértese cada verán nun espazo de encontro clave para o movemento scout, acoillendo grupos nacionais e internacionais que contribuíron a dinamizar a vida cultural e social da vila. Durante a segunda quincena de xullo, o Grupo Scout María Auxiliadora de Cádiz, con 80 participantes, celebrou o seu 50 aniversario cunha acampada especial neste enclave natural. Xa en agosto, o grupo alemán BdP Landesverband NRW e.V., con 170 integrantes, percorreu Galicia en pequenos grupos, visitando zonas como Ferrol, Eume, A Coruña, Betanzos e Bergantiños. O seu punto de encontro final foi Baamonde, onde compartiron os últimos días de campamento antes de regresar a Alemaña.

## Abre o prazo de inscrición para as actividades culturais e deportivas

O Concello de Begonte vén de abrir o prazo de inscrición para as actividades socioculturais e deportivas do curso 2025/2026, dirixidas a nenos, mozos e adultos. O período para presentar solicitudes permanecerá aberto do 8 ao 26 de setembro, e a listaxe de admitidos publicarase o 30 de setembro, podendo consultarse nas dependencias municipais. Para formalizar a matrícula será necesario entregar a solicitude cuberta e asinada no rexistro do Concello ou ben remitila a través da sede

electrónica. Xunto coa solicitude deberá achegarse a certificación da conta bancaria co código IBAN do alumno inscrito ou, no caso de menores de idade, do pai, nai ou titor legal. Con esta nova convocatoria, o Concello de Begonte ofrece á veciñanza a posibilidade de participar nun amplo abano de actividades formativas, culturais e deportivas, reforzando así a súa aposta polo lecer saudable e pola dinamización social do municipio durante os meses de outono e inverno.

## Poñen de exemplo o traballo de mellora da rede de auga da vila

A Xunta de Galicia concedeu este ano máis dun cento de axudas a concellos con menos de 20.000 habitantes para financiar ata o 100% do custo de obras destinadas a mellorar o funcionamento das súas redes de abastecemento e de saneamento. Así o destacou en Begonte a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, quen lembrou que Augas de Galicia repartiu un total de 5 millóns de euros mediante achegas que chegan ata un máximo de 45.000 euros por proxecto. Begonte foi un dos beneficiarios desta convocatoria ao recibir dúas subvencións. A primeira, de 43.395,91 euros, permitirá reforzar a traída municipal de augas e reducir fugas e perdas, mentres que a segunda, de 45.000 euros, está destinada a optimizar a rede de saneamento a través da diminución das infiltracións. Segundo explicou a conselleira, os traballos vinculados ao abastece-



mento arrancarán en setembro e contemplan a substitución de colectores con fugas en varios núcleos rurais, a dixitalización da rede con contadores de caudal e outras melloras como a reposición de pavimentos ou a instalación de arquetas e válvulas. No caso da rede de saneamento, tamén está previsto iniciar as actuacións o vindeiro mes de setembro co obxectivo de reducir a entrada de augas pluviais e freáticas, mellorar

a eficiencia da actual EDAR e abaratar custos de bombeo, explotación e mantemento. A responsable autonómica subliñou que, aínda que se trata de intervencións de pequena escala, teñen unha gran transcendencia para o municipio, ao tempo que incidiu en que permitirán dar continuidade ás auditorías realizadas nos anos 2022 e 2024 tamén con apoio de Augas de Galicia.

### EN BREVE

**SAAVEDRA.** A localidade organiza unha festa na honra á Natividade da Virxe das Angustias, que terá lugar o día 13 e a fin de semana do 20 e 21 do mesmo mes. A festividade dará comezo o primeiro dos sábados, cunha churrascada popular ao mediodía. O dúo Epo-K será o que se encargue de animar ese día á veciñanza coa súa música. O seguinte sábado, o 20, iniciárase o día ás 13.30 horas cunha misa solemne e

sesión vermú coa orquestra Alianza, que terá dobre sesión na verbeña da noite xunto ao trío Tapyoka. O domingo, o oficio relixioso será á mesma hora e os protagonistas da sesión vermú serán o trío Manhattan.

**GAIBOR.** Gaibor vivirá unha fin de semana festiva os días 13 e 14 de setembro. O sábado, os festexos comezarán cunha misa solemne ás

14.00 horas, seguida da procesión e da sesión vermú, amenizada polo grupo Aché. Xa pola noite, a verbeña estará a cargo das formacións Aché e o dúo Calibre. A comida popular será ás 15.00 horas, e o menú estará composto por empanada, polbo, tenreira sobremesa e café. O domingo, a celebración continúa cunha misa solemne ás 14.00 horas, seguida da súa procesión e a sesión vermú co dúo Calibre.



**ebos**  
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo  
VILALBA  
T: 982 523 499 / 623 552 876  
ebosobradoirodoce@gmail.com  
Facebook: EBOS Obradoiro Doce





**TA TECNOAGRI**  
Maquinaria Agrícola e Máquinas de Látex S.L.

**DeLaval**

**Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea**  
**Teléfono: 982 330 465**

# Continúan as obras de accesos a vivendas en varias parroquias

Continúa o plan de mellora dos accesos a vivendas en distintos puntos do municipio, “coa finalidade de facilitar o día a día da veciñanza e garantir unhas condicións de mobilidade máis seguras e cómodas”, din desde o Goberno local.

A empresa adxudicataria, Construcciones Cholo, S.L., está a executar estes traballos que abranguen actuacións na zona de Os Ares, en Romariz, así como en Lama Grande – O Cordal, Chao de Outeiro e no Calvo, todas na parroquia de Labrada.

As intervencións céntranse na mellora e acondicionamento dos camiños de acceso ás vivendas, co arranxo das superficies, a mellora do firme e o incremento da seguridade, evitando así problemas de circulación en épocas de chuvia e favorecendo unha comunicación máis fluída entre as casas e as vías principais. Está actuándose tamén no lugar de



Os Trinta, en A Graña e en A Cabeceira-Chouselas, en Corvite.

Dende o Concello salientan que este tipo de actuacións responden ás demandas veciñais e forman parte dun plan máis amplo de mantemento e mellora das infraestruturas rurais, fundamental nun territorio con tanta dispersión xeográfica como Abadín. Estas obras permiten que a poboación residente no rural conte con

mellores servizos e axudan tamén a fixar veciñanza, ao facer máis atractiva e cómoda a vida nas parroquias. Comezaron tamén as obras de acondicionamento da zona arborada anexa á Casa do Concello, así como a instalación dunha senda circular, mesas, varandas, etc. Tamén empezou a construción dun depósito para a rede de abastecemento de auga na parroquia de Castromaior



## Rematan as melloras da travesía e accesos á A-8

O PSdeG informou de que, tal e como se comprometera o ano pasado, neste mes remataron os traballos da segunda fase de mellora no firme da N-634 e nos accesos á auto-vía A-8, executados polo Ministerio de Fomento.

As actuacións incluíron o fresado e reposición completa da glorieta, así como parte dos ramais de acceso

do enlace da A-8 no punto quilométrico 556. Ademais, realizáronse traballos de fresado e reposición na N-634, desde o punto quilométrico 605+584 ata o 605+826, e tamén un parche de 48 metros de lonxitude na vía de conexión entre a glorieta da N-634, no PK 605+950, e a glorieta do enlace coa A-8 no PK 556. Contou cun investimento de 82.000 euros.

## Afouteza organiza clases de ximnasia e pilates en outubro

A Asociación de Mulleres Rurais Afouteza pon en marcha clases de pilates e ximnasia de mantemento, que se desenvolverán todos os venres no pavillón de Abadín a partir do mes de outubro.

As sesións estarán adaptadas a diferentes idades e impartiranse en grupos reducidos, co obxectivo de ofrecer unha atención máis personalizada. Ademais, as participantes contarán con todo o material necesario para a práctica dos exercicios, facilitado pola asociación.

### XUNTANZA DE MAIORES



Abadín acolleu unha nova edición da tradicional Xuntanza de Maiores 2025, que se celebrou no pavillón polideportivo da localidade e contou cunha participación extraordinaria de 470 persoas. A tarde estivo amenizada por música en directo e pola actuación da coral.

## Abadín prepárase para as festas de Santa María

Abadín xa ten todo listo para celebrar por todo o alto as festas de Santa María 2025. Durante tres días, do 12 ao 14 de setembro, a vila converterase nun auténtico epicentro de festa, gastronomía e música, cun programa pensado para todas as idades e cunha oferta musical de primeira liña.

O venres 12 de setembro arrancará a programación cunha gran churrasca da veciñal gratuíta, onde a veciñanza poderá compartir mesa e bo ambiente. A música correrá a cargo do Grupo Eureka e do DJ Adolfo Valiño,

que garantirán a primeira noite de festa con moito ritmo.

O sábado 13 de setembro será unha xornada inesquecible coa presenza da recoñecida Orquestra Suavecito, que amenizará tamén a sesión vermú a partir das 14:00 horas. Pola noite, a verbena arrancará ás 23:00 horas, coa participación do Grupo Euforia.

O domingo 14 porase o broche de ouro cunha sesión vermú longa desde as 14:00 horas coa actuación do grupo Rubí, que fará vibrar a praza ata altas horas da madrugada.



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



[www.corbarsil.com](http://www.corbarsil.com)

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // [corbar@corbarsil.com](mailto:corbar@corbarsil.com)

## A localidade celebra a súa Festa das Persoas Maiores

O Concello de Xermade celebrará o venres 12 de setembro a súa tradicional Festa das Persoas Maiores, que chega nesta ocasión á súa edición número XX.

A celebración dará comezo ás 13.30 horas cunha misa na igrexa parroquial seguida do xantar no pavillón municipal, que dará comezo ás 14.30 horas. Xa antes, ás 14.00 horas, haberá unha actuación musical a cargo do grupo Axóuxere de Roupar.

Pola tarde haberá baile amenizado por Verónica Cambón e o tradicional recoñecemento ao home e a muller de maior idade.

O menú da comida, que terá un custe de 15 euros para os veciños do concello, contará con lacón, polbo, carne ao caldeiro, sobremesa, café e bebidas. Para aqueles que desexen asistir e non estean empadroados en Xermade, o custe da inscrición é de 30 euros.

## Roupar prepárase para celebrar as festas do 19 ao 21

A parroquia de Roupar celebrará as súas festas na honra á Virxe do Carme e a San Caetano a penúltima fin de semana de setembro.

O venres 19 haberá unha previa a partir das 21.00 horas, cunha liscada e chourizos á sidra. A continuación, terá lugar unha verbena amenizada polo trío Manhattan e o grupo Beatriz.

Ao día seguinte, a xornada dará comezo ás 13.00 horas cunha misa solemne, procesión a cargo de Axóuxere Roupar e sesión vermú co grupo Eureka, que terá dobre sesión na verbena da noite xunto ao dj Álex Romero.

Para rematar, o domingo será o dúo Explosión o que se encarguen de rematar as festas na sesión vermú longa. O oficio relixioso será á mesma hora.

# A Deputación achega 250.000 euros para a mobilidade no rural

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Xermade, Roberto García Pernas, veñen de asinar un convenio de colaboración polo que a institución provincial achegará 250.000 euros ao Concello para mellorar a mobilidade no rural do municipio. En concreto, o acordo servirá para o acondicionamento de diferentes vías municipais que artellan as comunicacións da localidade ao seu paso por catro parroquias.

Grazas a este investimento da Deputación, o Concello de Xermade mellorará estradas con aglomerado nos lugares da Ermida (Roupar), A Veiga (Lousada), O Camiño (Xermade), As Casasnovas (Burgás), A Silva (Xermade), O Seixido (Xermade) e A Arredoadá (Burgás). Unha actuación da que se beneficiarán, de xeito directo, o cento de veciños e veciñas que viven nestas aldeas e coa que se mellorarán as comunicacións do municipio, posto que son vías que comunican con estradas provinciais



e autonómicas.

Tomé Roca enmarcou esta colaboración na cooperación cos concellos e no compromiso coa mobilidade que ten adquirido o Goberno provincial. “Sabemos que manter servizos no rural é básico para fixar poboación, e unhas boas comunicacións son imprescindibles para acadar ese obxectivo”, valorou.

Pola súa parte, o alcalde de Xermade,

Roberto García Pernas, agradeceu a implicación da Deputación e destacou a importancia desta achega. “Trátase dunha actuación fundamental para mellorar a seguridade viaria e a calidade de vida dos nosos veciños e veciñas. Ademais, supón un paso máis para seguir facendo do noso concello un lugar con máis oportunidades”, subliñou.

# Xermade acollerá este mes o Encontro de Torneiros da Madeira

O XXV Encontro Internacional de Torneiros da Madeira celebrarase entre os días 19 e 21 de setembro no polideportivo de Xermade, contando coa presenza de recoñecidos profesionais do sector da tornería a nivel internacional.

A programación arrancará o 19 de setembro ás 10:30 horas e incluírá obradoiros impartidos polos profesionais Jean François Escoulen, Carlyn Lindsay, Aitor Martínez, Adrián Pena e Lolo Castro, exhibición de pezas dos participantes do Encontro e a XVII edición da Exposición CONTornos.

O evento foi presentado na Biblioteca Municipal coa presenza de auto-

ridades locais e provinciais, e conta novamente co apoio da Deputación de Lugo, que contribúe cunha achega económica próxima aos 10.000 euros e coa impresión de 600 exemplares dun libro elaborado con motivo do 25 aniversario desta cita.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, salientou que “este evento representa o mellor do que somos como provincia: un territorio orgulloso das súas raíces, comprometido coa súa cultura e capaz de proxectarse ao mundo desde o corazón do rural”. Tamén quixo destacar “a dimensión internacional do Encontro, que nesta edición volverá contar con artesáns e artistas dou-



tros países. Esa diversidade é unha riqueza que fortalece o evento, amplía horizontes e sitúa a Xermade como un punto de encontro entre tradicións e culturas diversas”.

Tomé Roca explicou que a colaboración da institución provincial chega a través do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos, “unha ferramenta clave para apoiar iniciativas que nacen da propia realidade do territorio”. Ademais, subliñou o apoio directo ao colectivo de torneiros mediante a contribución á edición dun libro que recolle a historia deste oficio en Xermade, os seus protagonistas, a evolución do Encontro ao longo das décadas e o valor inmenso que representa esta tradición para a cultura e o futuro da provincia.

## A asociación A Lagoa de Cospeito convoca unha ruta cabalar

O sábado 13 de setembro terá lugar a III Ruta Cabalar organizada pola Asociación Equina A Lagoa. Esta proba, que non ten carácter competitivo, consiste nun paseo a cabalo no que poden participar todos os que queiran sempre que se fagan responsables do seu propio animal. A data límite de inscrición é o 10 de setembro. Esta pode facerse nos teléfonos 697 697 395, 605 419 787 e 607 512 097.

A programación dará comezo ás 10.00 coa recepción dos participantes no campo da Feira do Monte para desfrutar dun almuerzo gratis.

Ás 10.30 dará comezo a ruta, que se prolongará ata as 14.30 horas e na que se fará unha parada a media mañá. Finalizarán esta concentración ecuestre cunha comida dos participantes no propio campo da festa, xantar que estará amenizado por The Sound Project e haberá colchonetas gratis para os pequenos.

## EN BREVE

**CHARLA.** A Asociación de Empresarios de Muimenta organiza o martes 16 unha charla informativa sobre o agrupamento voluntario de terras. O encontro terá lugar ás 11 da mañá no Salón de Actos da Casa da Cultura de Muimenta e está aberto a toda a cidadanía. Este instrumento permite a mobilización de terras con permutas de interese agrario, facilitando que as persoas propietarias de fincas rústicas poidan intercambialas co obxectivo de mellorar a produtividade das explotacións.

**CURSOS.** A asociación San Martiño de Pino anunciou a celebración de dúas actividades para as que xa está aberto o prazo de inscrición. Trátase dun curso de pandeireta, que se celebrará todos os sábados, de 12.00 a 13.00 horas no local social da Escola de Pino. Ademais, haberá costura todos os sábados, de 11.00 a 13.00. O prezo da formación, nos dous casos, é de 15 euros para os non socios. Para os membros do colectivo a costura será de balde e a clase de pandeireta terá un prezo de 10 euros.

**FESTAS.** Santa María de Cospeito acollerá a fin de semana do 13 e 14 as súas festas. Arrancarán o sábado cunha misa solemne e sesión vermú a cargo de Grupo Da Silva. Pola noite, na verbena, volverá a actuar o mesmo grupo xunto ao Combo Dominicano. O domingo é a quenda de Fuxión Latina, que se encargará de amenizar a sesión vermú. O oficio relixioso estará cantado pola Coral Polifónica Municipal.



## Nace en Muimenta o proxecto para os maiores Fogar de Xúbilo

Muimenta conta cun novo proxecto emprendedor e innovador: o Centro para o Desenvolvemento Rural Fogar de Xúbilo. Trátase dunha iniciativa sen ánimo de lucro enfocada no benestar das persoas maiores, co obxectivo de poñer en marcha accións que melloren a calidade de vida da terceira idade.

A idea leva sendo traballada desde antes da pandemia, pero quedara adiada pola súa chegada.

Neste senso, sinalan, en abril deste ano celebrouse a mesa redonda "Convivencia de maiores", onde veciños e veciñas de Muimenta e doutras localidades achegaron ideas para deseñar unha folla de ruta do proxecto. "Unha das propostas máis ilusionantes foi a creación dunha vivenda comunitaria na Avenida de Vilalba, 72, que funcionaría como sede do colectivo e vivenda interxeracional para persoas maiores soas e/ou en risco de exclusión social", explican os seus promotores. No baixo do edificio tamén se prevé habilitar un centro social para asociacións da zona e outras activida-



des de carácter recreativo e socio-cultural.

O inmoble, que xa está en mans do CDR "Fogar de Xúbilo", precisa obras para mellorar a accesibilidade e está a espera de recibir as pertinentes autorizacións administrativas. Nel, a intención é instalar unha vivenda comunitaria, un comedor social e un espazo para acoller temporalmente a persoas maiores que, tras unha hospitalización, non poidan regresar ás súas casas por falta de compañía ou necesidade de apoio. Tamén se contempla elaborar comidas para distribuír nos domicilios, controlan-

do alimentación, hixiene e medicación, co fin de garantir unha boa calidade de vida.

Por iso, dende o Fogar de Xúbilo apostan polo voluntariado para acompañar ás persoas maiores en trámites, visitas, charlas e talleres adaptados aos seus intereses. "A idea dos maiores de seguir nas súas propias casas en vez de mudarse a residencias, fai necesario buscar alternativas que permitan a esas persoas estar na súa contorna preferentemente e manter a súa vida activa, integrada e con actividades motivadoras".



## Véndense as últimas parcelas no polígono da Feira do Monte

A Deputación de Lugo aprobou o procedemento para a venda mediante poxa pública das últimas 18 parcelas do polígono industrial da Feira do Monte, en Cospeito, un parque estratéxico situado preto da Autovía A-6 que facilita a conexión coa provincia e mellora a loxística empresarial.

Destas parcelas, 16 miden 860 metros cadrados, unha delas, a número 12, alcanza os 1.011 metros cadrados, e outra, a parcela 4,

conta con 1.311 metros cadrados. Ata o momento, a Deputación xa ten vendidas seis das 24 parcelas que compoñen este polígono.

No resto dos parques industriais xestionados pola institución provincial, a dispoñibilidade actual é de 12 parcelas en Baleira (das 27 existentes), 39 en Castroverde (das 51), 25 en Friol (das 55), 2 en Ourela (das 3), 13 en Paradela (das 19) e 2 no complexo de Begonte (das 12 iniciais).

## Escolas Deportivas Municipais

Curso 2025 / 2026

Apúntate! "Deporte igual a Saúde"

O PRAZO DE INSCRICIÓNS REMATA O 12 DE SETEMBRO

### ACTIVIDADES:

- Fútbol sala
- Ximnasia rítmica
- Patinaxe
- Actividades aeróbicas
- Zumba infantil
- Pilates
- Ioga
- Ximnasia para adultos
- Pádel
- Tenis de Mesa
- Tiro con arco
- Atletismo e Campo a Través



COLABORAN:

DEPUTACIÓN DE LUGO Deportes  
VICEPRESIDENCIA



ORGANIZA:  
concello de  
CUIRIZ





## Rematan os traballos de mantemento do PAI

Remataron antes do inicio do curso as obras de mantemento no Punto de Atención á Infancia (PAI). As actuacións consistiron na substitución dos rodapés en toda a superficie e no pintado interior da entrada principal, a sala de xogos, a habitación de descanso e o comedor. Ademais, engadíronse varios xogos infantís, para

que os máis novos disfruten durante esta etapa de aprendizaxe.

**AUTOCARAVANAS.** O Concello vén de iniciar as obras para a construción dun aparcadoiro para autocaravanas cun investimento de case 69.000 euros. Os traballos, que comezaron este luns, teñen un prazo de execución de tres meses.

## Xunta e Concello actuarán na rede de pluviais de Vilagromar

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, reuniuse esta mañá co alcalde da Pastoriza, Darío Cabaneiro, para abordar proxectos de interese para o municipio en materia de augas.

Durante o encontro, a conselleira e o rexedor estudaron as correccións introducidas, a petición de Augas de Galicia, no proxecto inicial para mellorar a rede de pluviais no lugar de Vilagromar. Esta actuación, cun orzamento inicial estimado de máis de 110.000 euros, ten como obxectivo evitar a afectación das augas de escorrentía en varias vivendas da contorna. A previsión é proceder á licitación da obra en canto os técnicos do organismo hidráulico analicen a documentación actualizada.

A maiores, tamén avaliaron a proposta municipal para acometer a rede de saneamento no núcleo de Paraxes, na parroquia de Fonmiñá, así como a construción dunha esta-



ción depuradora de augas residuais na contorna da Reigosa. Nese senso, a conselleira trasladoulle ao alcalde que Augas de Galicia estudará o proxecto para avaliar a súa viabilidade ou a estudar posibles alternativas. Nese senso, a conselleira subliñou que, aínda que a prestación dos servizos de saneamento son unha responsabilidade de competencia municipal, a Xunta leva anos prestando

o seu apoio técnico e financeiro aos concellos que o necesiten.

De feito, o orzamento de Augas de Galicia sobre este ano 2025 preto dun 5%, ata os 144 millóns de euros, para seguir optimizando o saneamento e o abastecemento coa mellora de infraestruturas, a formación e divulgación así como a execución de políticas activas de resposta ao cambio climático.

### EN BREVE

**TEATRO.** A Asociación de Veciños de Reigosa acollerá as Noites de Teatro, desde setembro ata decembro, a partir das 21.00 horas. A primeira delas, chamada *A Presa*, terá lugar o 13 de setembro. O 18 de outubro, será a quenda de *A viaxe do Señor López*, da man de Producións Súper López. O 15 de novembro, Lume Escénico deleitará á localidade coa produción *Activos* e Ubu Teatro será o encargado de pechar esta iniciativa o 20 de decembro co *O vixilante de soños*.

**ENSERES.** Entre os días 22 e 27 o Concello procederá á recollida de enseres domésticos. Así os veciños que o desexen poderán depositar utensilios e mobiliario xeral do fogar como electrodomésticos, xoguetes ou aparellos musicais por exemplo indicando antes de cantos se trata.

## Lembran a Dino Pacio Lindín cunha homenaxe e unha rúa co seu nome

A deputada de Cultura, Iria Castro, participou no acto de lembranza e homenaxe a Dino Pacio Lindín (Xemil, A Pastoriza, 1934 – Nova Iorque, 2025), que se desenvolveu na Casa da Cultura da Pastoriza.

O encontro contou coas intervencións do crítico literario Ángel Barrantes e dos escritores Francisco Álvarez Koki e Xosé Manuel Malheiro, que repasaron a súa traxectoria como docente e renovador pedagóxico, desde o Seminario de Mondoñedo ata as universidades neiorquinas, onde fundou o programa cultural e educativo Solidaridad Humana dirixido á formación

de emigrantes.

A homenaxe, á que tamén asistiu a familia do intelectual, completárase coa inauguración da rúa Dino Pacio Lindín, unha das vías laterais á Praza e á Casa do Concello, nun recoñecemento promovido pola comunidade de montes Coto das Louseiras de Xemil.

Cómpre lembrar que a Área de Cultura colaborou no ano 2021 na publicación do libro *Dino Pacio Lindín*, o guía dunha vangarda cultural, coordinado por Manuel Rivas García e con achegas de antigos alumnos e amigos do sociólogo pastoricense.



## Arrancan as obras de acondicionamento da nova ruta Mar Verde

O Concello deu comezo ás obras de dinamización dunha nova ruta de sendeirismo denominada Pastoriza Mar Verde, que partirá da vila e percorrerá distintas localizacións como Saldanxe, Crecente e o Castro de Saa en Baltar. Esta iniciativa, financiada integramente pola Xunta de Galicia cun investimento superior aos 29.000 euros, busca fomentar o turismo e poñer en valor o patrimonio cultural da zona.

As obras teñen un prazo de execución dun mes e pretende converterse nun atractivo tanto para visitantes como para a propia veciñanza, ofrecendo unha experiencia que combina natureza, cultura e historia local.

A ruta, de 9,5 quilómetros de lonxitude e cun nivel de dificultade medio-baixo, iniciará o seu percorrido na Barreira da Pastoriza, preto do lugar onde se construíra unha área de caravanas para atraer visitantes. O itinerario atravesará o centro da vila, permitindo que os camiñantes poidan facer unha pausa para tomar un café ou realizar compras, favorecendo así o comercio local. A continuación, o traxecto levará ata Saldanxe, onde se poderá visitar unha capela e unha antiga ponte, pasando tamén xunto á piscifactoría da zona. Posteriormente, a ruta proseguirá cara a Baltar, onde se atopa outra capela, finalizando no emblemático Castro de Saa.

# GESTORÍA GAYOSO

Gestoría Administrativa | Administración de Fincas | Comunidades de Propietarios

NOVAS  
INSTALACIÓNS

Avda. Galicia, 66 Bajo  
15320 AS PONTES (A Coruña)  
981 440 098 - 699 145 568  
contacto@gestoriagayoso.com

Rúa Benxamin Paz, 25 Bajo  
27800 VILALBA (Lugo)  
982 523 034 - 645 851 946  
contacto@gestoriagayoso.com

## Queixas veciñais en Rábade polo estado dun solar no centro da vila

Veciños de Rábade denuncian a situación dun vertedoiro incontrolado no centro da vila, que leva meses sen solución a pesar das reiteradas queixas formuladas ao Concello. Segundo explican, xa hai medio ano puxeron en coñecemento do goberno local a existencia dun soar que estaba a ser empregado como punto de vertedura de lixo e chatarra.

Naquel momento, aseguran, recibiron resposta por parte do Concello comprometéndose a tomar medidas para evitar que a situación empeorase. Porén, a realidade é que seis meses despois o problema non só non se resolveu, senón que se agravou. O soar atópase hoxe totalmente colapsado, con gran acumulación de refugallo metálicos e mesmo vehículos abandonados, como pode apreciarse nas imaxes que achegan os propios veciños.

A indignación crece entre a veciñanza, que critica a falta de actuación da



alcaldesa e do executivo municipal, aos que acusan de “mirar para outro lado” mentres o espazo segue a deteriorarse no corazón da vila. Advirten ademais do risco ambiental e sanitario que pode supoñer a presenza de chatarra e coches nun lugar tan céntrico, e reclaman unha intervención urxente que garanta tanto a limpeza como a seguridade da zona. A cidadanía insiste en que este tipo

de problemas non poden demorarse indefinidamente e esixe responsabilidades ao Concello pola súa xestión. “Non é de recibo que, despois de medio ano, todo siga igual ou peor”, lamentan, á vez que piden transparencia e unha solución efectiva que devolva o soar ao seu uso adecuado e evite que se converta nun foco permanente de degradación no centro de Rábade.



## Independentes critica a falta de limpeza das leiras no casco urbano

O grupo Independentes por Rábade cualificou de positivo que o Concello publique vídeos en TikTok con consellos para a prevención de lumes e que envíe requirimentos a particulares instándooos á limpeza das súas leiras. Non obstante, lamentan que o propio goberno local non dea exemplo e manteña sen desbrozar parcelas de titularidade municipal situadas en pleno casco urbano, que, “non recibiron atención algunha desde o inicio do actual mandato”. Entre os espazos afectados sinalan terreos municipais na fase 3 do Polí-

gono Industrial, na marxe dereita da estrada de Vicente, na vía de unión entre os dous polígonos, así como o Parque das Froiteiras e os antigos cuarteis de enxeñeiros.

Desde Independentes por Rábade insisten en que o Concello debería cumprir coas súas obrigas de mantemento para garantir tanto a seguridade cidadá como a imaxe da vila. Este requirimento fíxose logo do sucedido este verán nos montes do sur da provincia e de Ourense, que foron arrasados polo lume debido ao estado no que se atopaban.

## Volven convocar os talleres de memoria e de teatro

O Concello de Rábade oferta dous talleres para maiores gratuítos. Dun lado, un taller de memoria que se vai celebrar os luns pola tarde no Centro Sociocultural en dúas quendas, ás 16:30 horas e ás 17.45 horas. A data de inicio será o 6 de outubro.

Por outra banda, haberá un taller de teatro, tamén os luns pero de 11.00 a 13.00 horas, tamén no Centro Sociocultural. A data de comezo neste caso é o 13 de outubro.

## Abre o prazo para pedir as axudas para escolares

O Concello de Rábade volve ofrecer este ano as axudas polo inicio do curso escolar, para as que establece como prazo de presentación do 8 de setembro ao 8 de outubro. O Concello ten establecida esta liña de axudas económicas para cubrir os gastos derivados da compra de libros de texto e material escolar, roupa e calzado para este curso 2025-26, para o ensino obrigatorio e infantil, que non cubran

as axudas autonómicas. Os requisitos para poder solicitar estas axudas son estar empadroados no Concello con anterioridade a tres meses, ter un menor cursando algún destes estudos nalgún dos dous centros de Rábade e non superar os 6.000 euros de renda per cápita (7.500 no caso de familias monoparentais). Non se poden solicitar as axudas para os libros que xa financia a Xunta.

## Resólvese a campaña Merca no teu comercio

Celebrouse o sorteo ante notario dos 1.000 euros en premios correspondentes á sexta campaña de Merca no teu comercio, iniciativa de dinamización do comercio de proximidade que se desenvolveu entre o 15 e o 30 de agosto. O obxectivo principal é estimular

as vendas nos municipios rurais da provincia de Lugo, achegar aos clientes aos comercios e dinamizar o sector.

A participación nesta iniciativa foi moi satisfactoria, rexistrándose un total de 1.635 tickets, pertencentes a compras realizadas.

XXXVII  
**FEIRA DO POLDRO**  
e do gando do monte  
(festa de interese turístico galego)

28.09.2025  
a gañidoira\_muras

www.muras.gal

MURAS

FEIRA DO POLDRO

XUNTA DE GALICIA

galicia ABANCA



## Adxudicadas as obras de construción da nova ponte sobre o Azúmara

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación por case 650.000 euros das obras para a construción da nova ponte sobre o río Azúmara, situada no cinto comarcal.

Así o informou a voceira socialista, Pilar García Porto, tras a reunión semanal na que se deu luz verde a un investimento en mobilidade superior aos 800.000 euros.

García Porto explicou que o Grupo Bascuas será o encargado da construción da ponte, así como do ensanche e mellora da estrada LU-P-1611 no tramo situado no límite municipal entre Pol e Castroverde. A empresa executará os traballos cun orzamento de 648.321,13 euros e un prazo de nove meses para a súa finalización.

Os traballos afectarán a algo máis de 1,3 quilómetros, desde o quilómetro 106,5 ata o 107,887, e consistirán na demolición da plataforma antiga, a construción dunha nova estrutura, a pavimentación con aglomerado en quente, o pintado da vía e a instalación de balizas e defensas. Ademais, as obras incorporarán unha serie de medidas ambientais, como a plantación de árbores.

A deputada valorou que esta actuación suporá unha mellora importante en termos de seguridade e comodidade, xa que se ampliará o ancho da vía ata os 11 metros na zona da ponte e ata os 8 metros no seu acceso, o que ofrecerá aos condutores unha plataforma para circular con maiores capacidades.

## A Festa do Emigrante fixo 40 anos cun tributo a Alejo Expósito

A carballeira de Mosteiro, en Pol, volveu encherse este domingo con máis de 2.000 persoas que participaron na 40ª edición da Festa do Emigrante, unha cita xa consolidada como referente de encontro e lembranza para a veciñanza e a diáspora.

Este aniversario estivo marcado pola homenaxe a Alejo Expósito, veciño que durante décadas deseñou e colocou as placas conmemorativas da festa e que faleceu recentemente. En recoñecemento á súa contribución, inaugurouse unha nova placa en pedra, inaugurada en presenza da súa familia e cunha gran carga emotiva.

O pregón correu a cargo de Manuel Ángel Jove Losada, quen definiu a festa como “un espazo de encontro, identidade e afecto”, destacando o seu papel á hora de reforzar os vínculos entre residentes e emigrantes. A xornada estivo acompañada de



música, emocións compartidas e unha ampla participación popular que desbordou tanto a carballeira como bares e restaurantes da zona. Dentro da programación, a UD Somozas proclamouse campioa do Trofeo Emigrante de fútbol nunha tarde cun ambiente espectacular, con moita xente nas bancadas e un

apoio de total. Participaron ademais do gañador, o equipo local, a SD Pol e a Sarriana.

Para moitos asistentes, volver a Pol nesta celebración supón revivir recordos familiares e manter viva unha tradición que simboliza a unión entre xeracións e a pegada da emigración na historia local.

## Acordo para recibir asesoramento xurídico nos centros penitenciarios

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración co decano do Ilustre Colexio Oficial de Avogacía de Lugo, José Félix Mondelo Santos, mediante o cal a institución provincial achega 12.000€ para garantir o Servizo de Orientación e Asistencia Xurídica Penal (SOAJP) dirixido a atender as necesidades xurídicas das persoas recluídas nos centros penais de Bonxe e Monterroso.

José Tomé Roca sinalou que a achega da Deputación financia practicamente a totalidade do orzamento do servizo, que ascende a máis de 16.000€ asumindo o colexio a parte restante.

O SOAJP será prestado por avogados e avogadas formados polo Colexio, que acudirán semanalmente aos centros penais para atender consultas presenciais, así como por videoconferencia cando sexa posible.



## Éxito na observación das bágoas de San Lorenzo

Máis de 50 persoas realizaron unha observación nocturna dende o miradoiro de Paraños, en Outeiro de Rei, para poder contemplar as bágoas de San Lorenzo. A actividade, organizada por Grupo de Desenvolvemento Rural da Comarca e Lugo, en colaboración co Concello de Outeiro de Rei, deu comezo ás 21:00 horas en Casas da Fortaleza coa charla Desde el mirador de Paraños hasta el infinito, realizada pola profesora Ana María Pérez Veiga.

A continuación do mencionado rela-

torio, tivo lugar unha degustación de produtos locais ofrecida polo Concello de Outeiro de Rei no acolledor salón de eventos de Casas da Fortaleza. Dende aí o público asistente dirixiuse a Pena de Rodas para iniciar o ascenso ao miradoiro de Paraños. Unha vez alí, os participantes contaron coas explicacións de José María Fernández Corrás, quen proporcionou información do fenómeno das perseidas, así como diversa explicación sobre as constelacións visibles e outros corpos celestes.



## Ampla participación no curso de condución

O motoclub Lostregos-Lvcvs organizou un curso de condución segura en moto no circuíto de Outeiro de Rei, en colaboración coa Escola de Técnicas de Condución Segura en Moto e co Concello de Outeiro de Rei. A iniciativa contou coa participación de 16 motoristas procedentes de distintos puntos de Galicia, co obxectivo principal de contribuír á redución da elevada sinistralidade viaria que afecta ao

colectivo motero.

O curso combinou formación teórica e práctica para reforzar habilidades ao manillar, mellorar a percepción do risco e fomentar unha condución máis responsable e consciente. Entre os contidos tratados, destacou a importancia de dominar técnicas para anticiparse ás manobras doutros condutores, evitar ángulos mortos e reaccionar ante situacións emerxentes.

**O gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Baño  
27800 Vilaalba (Lugo)  
Telf. 982516550

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**  
Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas  
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

**SERVICIOS AGROFORESTALES**  
**SEOANE**  
SERVICIOS AGROFORESTALES

## A Deputación destina 250.000 euros a obras en espazos públicos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou coa alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira Morandeira, un convenio entre a institución provincial e o Concello chairego para colaborar en diferentes accións destinadas a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas deste municipio. A Deputación investirá 250.000 euros, practicamente o 100% do investimento necesario que ascende a 264.332 euros, destinado a 15 liñas de actuación que permitirán mellorar infraestruturas en distintas parroquias do municipio.

Destas accións, o acordo contempla actuacións nas 10 das 18 parroquias do municipio, centradas fundamentalmente na mellora de accesos e vías municipais. Entre as intervencións previstas inclúense o acondicionamento de camiños nos Ares e Revolta (Os Vilares), A Locencia e o acceso da LU-170 a Mirón de Abaixo (San Salvador), Recimil (Becín), Brañicas a Pena do Leito (Santa Mariña), Ameixeiras (Santa María), A Pena Redonda (O Vilar), A Castiñeira (Pígaro)



e A Graña (Buriz), cun investimento conxunto superior aos 100.000 euros. Tamén se levará a cabo unha actuación para mellorar a seguridade viaria na estrada LU-242, tanto na Pobra de Parga como no Mesón da Cabra, cun orzamento de 7.426 euros.

Outras das accións destacadas inclúen a adquisición de sinalización vertical e maquinaria para o mantemento das vías, como un cortacésped e un cortasetos, así como a compra de material para a conservación das infraestruturas viarias, cun investimento próximo aos 40.000

euros. Así mesmo, está previsto o mantemento e axardinamento da praza do Campo da Feira, situada no centro da vila, cunha achega de 40.000 euros.

O convenio tamén permitirá realizar melloras no pavimento da nave do SENPA e renovar os sistemas de bombeo das estacións de tratamento de auga EDAR e ETAP. Ademais, acometeranse obras de reparación na cuberta da escola de Pardiñas, situada na parroquia de Lagostelle, e nos espazos deportivos do campo de fútbol Suso Cruz, cun investimento superior aos 30.000 euros.

## Abre o prazo das escolas deportivas e das axudas para material escolar

O Concello de Guitiriz abriu prazo de inscrición para participar nalgunha das propostas que incorporan as Escolas Deportivas Municipais para o curso 2025/2026.

A matrícula poderá formalizarse ata o 12 de setembro de xeito presencial na casa consistorial, en horario de 8:30 a 14:30 horas, ou a través da sede electrónica municipal. Cada persoa só poderá rexistrar as súas solicitudes e/ou as dos seus fillos e fillas menores de idade.

As prazas cubriranse por estrita orde de entrada. O prezo das actividades será de 15 euros ao mes por alumno/a e actividade e o prezo da matrícula de 10 euros, que se aboará unha vez que a persoa estea admitida na actividade solicitada.

A oferta deportiva inclúe: fútbol sala, ximnasia rítmica, patinaxe, actividades aeróbicas (aerobic, zumba, step), zumba infantil, pi-

lates, ioga, ximnasia para adultos, pádel, tenis de mesa, tiro con arco, atletismo e campo a través.

**AXUDAS.** O Concello destina un orzamento de 14.000 euros para financiar as diferentes liñas de axudas para a compra de material, transporte e redución da fenda dixital dirixidas a escolares para o curso 2025-2026.

Está convocatoria establece como beneficiarias ás familias empadroadas con nenos matriculados en centros públicos.

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto ata o 30 de setembro. A documentación e as bases cos requisitos de participación poden obterse na páxina web municipal ou de xeito presencial nas oficinas de Servizos Sociais Municipais ou no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz.

Haberá axudas para todos os niveis e para salvar a fenda dixital.

## Rematan as obras de renovación de cinco pontes na Ruta da Auga

O Goberno local rematou os traballos de renovación de cinco pontes na concorrida Ruta da Auga, un proxecto que contou cun orzamento de 36.790,05 euros, financiado cunha subvención do programa Galicia Refuxio Climático 2025 de 31.133,50 euros. Tras realizar unha revisión previa no trazado, actuouse nas pontes máis grandes e nas que estaban en peores condicións co obxectivo de mellorar a seguridade no percorrido, que ronda os 20 quilómetros. Así, dúas destas estruturas localízanse no tramo que vai desde A Ponte



Veiga hasta a rúa Rio Forxá e outras dúas forman parte do trazado entre a depuradora e as inmediacións da

vía do tren. A última está no tramo entre San Alberte e a Fonde de Valdobín de Parga.

## O Curro Vello festexará o 13 e 14 o Ecce Homo

O Curro Vello celebrará a fin de semana do 13 e 14 de setembro a Festa do Ecce Homo, unha sesión que dará comezo o sábado cunha tirada de fogos e sesión vermú a cargo do dúo Estrellas.

Pola noite, ás 22.30 horas, volverán a tirar fogos e o dúo Estrella actuará de novo, acompañado da discomóvil CDC. A maiores, haberá colchonetas gratis para os máis pequenos, de 18.00 horas a 20.00 horas.

O domingo, a xornada comeza ás 11.30 horas con fogos e cun pasarrúas a cargo da charanga Son Da Aldea. Ás 13.00 horas haberá misa

solemne e procesión na Capela do Ecce Homo para continuar coa tradicional sesión vermú a cargo do trío Karma.

Durante a tarde terá lugar a tradicional carreira de carretillas, unha festa da auga e a festa da escuma, a partir das 17.00 horas.

Como teñen por costume, ás 20.00 horas dará comezo unha liscada gratuíta, servida polo bar Porto, antes da verbena de fin de festa, na que volverán actuar Karma e tamén a orquestra La Oca Band.

A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa.



**ATABERNA**

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO  
Y SABOREA

**RACIONES**

REVUELTOS  
FRESQUITA CEMIZA  
DE BARRIL

**ALCO**

HAMBURGUESAS  
FRESQUITAS DE VERDAD  
ENSALADAS  
PASTAS  
CON SALSAS VARIADAS

**RAXO**

ALCO PARA  
COMPARTIR

NUESTRA CARTA  
PICAR  
SABOREAR  
TORTILLAS

PATATAS  
NUESTROS DELICIOSOS



**TAHONA CURRÁS**

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062  
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

EN BREVE



**AVELINO DÍAZ.** A vila de Meira celebrou a undécima edición do Roteiro Avelino Díaz, unha cita cultural e reivindicativa que cada ano rende homenaxe ao poeta local. No Alto de Candedo tivo lugar un dos momentos máis emotivos da xornada: a inauguración dun novo chanto do escultor ribeirego-meirego Manolo Pardo, dedicado á figura de Avelino Díaz. O acto contou co apadriñamento do mestre e escritor David Otero, que puxo en valor a obra e a memoria do homenaxeado.



**COMERCIO.** O Paseo Central da Praza Maior de Meira acolleu a entrega dos premios correspondentes á campaña Merca no teu comercio, que se desenvolveu en agosto. Entre os consumidores que mercaron nos establecementos de Meira durante a iniciativa, sorteáronse un total de 1.000 euros, repartidos en 20 tarxetas prepago de 50 euros.



## A Deputación investirá en varias infraestruturas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde do Concello de Meira, Antonio de Dios Álvarez, asinaron un convenio de colaboración entre ambas entidades que ascende a 480.000 euros para desenvolver diferentes actuacións. Este acordo inclúe a mellora de camiños municipais nos lugares de Pedregal, Granda e Pena e a mellora do asfalto nos núcleos de Valiña, Paredes, Casanova, Cruz da Arqueira, Pumarega; así como na zona do Polígono Industrial e na rúa que dá acceso ao cuartel. Ademais, contempla a mellora da vía que dá acceso ao lugar do Val de Cal desde Leiras, concretamente, na ponte sobre o rego Porto da Pena. Tamén se centra no abastecemen-

to e saneamento. Vaise reforzar o pozo do lugar de Casasnovas e repoñer os do cruce do cemiterio vello e o da senda do Río Barxa; arranxarse a evacuación de augas da Praza da Igrexa e unha fuga de auga na Avenida de Lugo. Así mesmo, mellorarase a recollida de augas pluviais no final da rúa da Cerca, así como a reposición dos sumidoiros na Praza do Concello. De feito, na Praza do Convento vanse arranxar as baldosas e reporanse as tapas das beirarrúas. Rematarán coa construción dunha plataforma de formigón na zona de Casas Novas co fin de facilitar o manexo dos contedores; colocación de bandas rugosas no lugar de Irimia Alta; a construción dunha beirarrúa en Carballous, entre outros.

## A Festa da Afirmación e a Dignidade repartirá o 21 as Mans da Irmandade

A Irmandade Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos celebrarán o domingo 21 de setembro un ano máis a Festa da Afirmación e Dignidade en colaboración co Concello de Meira, na súa XIV edición. O acto, que se celebra no Pedregal de Irimia terá lugar ás 12.00 cunha lectura do resumo do Manifesto da Afirmación e Dignidade, que se entregará en impresión abreviada, da autoría de Baldomero Iglesias Mero. Como todos os anos van compartirse simbolicamente manifestos e proclamas da Asociación Avelino Díaz, Adegas e Madia Leva. Esta celebración anual reivindica o simbolismo e a paisaxe do Pedregal “e o nacemento do pai dos nosos ríos”. Este ano as Mans da Irmandade, obra de Manolo Pardo, son para a familia de Xosé Francisco Domínguez Martínez e Silvestre Gómez Xurxo, os dous como defensores dos dereitos lingüísticos. Máis tarde haberá un xantar e a animación musical estará a cargo do Gaiteiro Nubeiro Raúl Galego. O menú, a un prezo de 35 euros, contará con xamón, empanada de Meira e carne de tenreira asada no forno, sobremesa, bebidas e café. Os que desexen anotarse poden facelo antes do mércores 17 chamando ao teléfono 646 413 890.

## Os veciños de Órrea volverán celebrar un xantar e unha ruta

A Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea celebrará este domingo 13 de setembro unha ruta polos regos e fontes da localidade. Partirase do campo da Eirexa ás 10.30 horas. A maiores haberá unha comida veciñal no campo da festa a partir das 14.00 horas, con carpa incluída. Tanto o xantar como a ruta son actividades independentes e pode participar en calquera delas por separado. Os interesados en participar no xantar poden mercar os tickets na taberna de Montse ata o xoves día 11 a un prezo de 20 euros, sendo de balde para os menores de 12 anos. O menú consistirá en callos e tenreira asada con patacas, sobremesa, café e auga.

## Regresa o 13 a Feira de Gando de Augaxosa

A parroquia de Augaxosa, en Riotorto, prepárase para acoller este sábado 13 de setembro unha nova edición da súa tradicional Feira de Gando e Mostra de Razas Autóctonas, un evento que combina tradición, gastronomía e música para gozo de veciños e visitantes. A programación abrírase ás 9.30 horas coa feira de gando, á que seguirá, ás 10.30, a mostra de animais de razas autóctonas. A partir das 11.00 horas haberá demostracións de oficios artesanais como a cestería e o torneado de madeira. Media hora máis tarde, os músicos da propia parroquia animarán a mañá cun pasacalles. Ás 12.30 horas ofrecerase unha degustación gratuíta de hamburguesas de poldro de Pura Raza Galega, iniciativa que conta co apoio

da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. A música continuará ás 14.00 horas coa sesión vermú a cargo do Trío Karma, e ás 14.30 terá lugar a entrega de premios aos propietarios co maior número de cabezas de gando, cunha dotación de ata 350 euros para o primeiro posto. Durante toda a xornada, o público poderá gozar de postos de alimentación e téxtil, con venda de polbo e churrasco. A organización lanza a invitación: “Se queres ser parte dunha tradición secular, escríbenos a asociacionaugaxosa@gmail.com”. Con esta mensaxe, anímase á veciñanza e visitantes a sumarse, ofrecendo un contacto directo para formalizar a inscrición ou solicitar máis información.

## Analizan o impacto do proxecto eólico Arno

A Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea celebrou unha charla informativa sobre o proxecto do parque eólico Arno. O encontro, celebrado no local social da parroquia, contou coa participación de representantes do Sindicato Labrego Galego e da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adegas). Durante dúas horas, os asistentes recibiron información detallada sobre o proxecto, con documentación técnica e valorativa que permitiu coñecer os pros e contras da instalación. A asociación veciñal advertiu da importancia de que os veciños e veciñas presenten alegacións, lembrando que o prazo remata o 8 de setembro. Segundo explicaron, a tramitación afecta de maneira directa á parroquia e o número de alegacións pode servir como mecanismo

de presión á hora de negociar coas empresas. Un dos aspectos máis destacados da sesión foi a revelación de que a sociedade promotora do proxecto conta cun capital social de tan só 3.005 euros, “o que xera dúbidas sobre a súa responsabilidade en caso de posibles conflitos”. A asociación anunciou que o vindeiro mércores, 27 de agosto, celebrase unha segunda reunión, financiada pola Deputación Provincial e impartida pola Asociación Ventonoso, especializada en enerxías renovables. Nesa xuntanza presentaranse modelos de alegacións, propostas de contratos e ferramentas de negociación coas empresas, ademais dun modelo de personamento no procedemento administrativo para que os propietarios poidan seguir a evolución da tramitación.

# Tapas de balde abrirán o programa da Feira do Poldro de Muras

O Concello de Muras celebrará o vindeiro 28 de setembro a XXXVII edición da Feira do Poldro e do Gando do Monte, unha cita xa consolidada no calendario galego e recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia. Esta feira destaca polo seu importante movemento de animais e ganderías, congregando cada ano exemplares e criadores procedentes de diferentes puntos da comunidade para participar tanto na compra e venda como nos certames e actividades programadas.

O corazón da feira volverá estar na zona onde se atopan os animais, un espazo que permite poñer en valor o arte do trato e manter vivo o legado dos antepasados que transmitiron esa tradición. Non faltará o concurso de gando, do que xa se publicaron as bases, nin tampouco



o concurso morfolóxico organizado por Puraga, entidade que tamén colaborará na popular degustación de hamburguesas e chourizos de carne de poldro, un dos pratos estrela da

feira e que ano tras ano acada un grande éxito.

Como novidade, nesta edición recuperárase a degustación de carne de poldro nos locais de hostalaría do municipio, que terá lugar o venres e o sábado previos á feira. A carne será facilitada polo Concello e cada establecemento elaborará as súas propias propostas, que poderán ir desde carne asada ata guisos. Esta degustación será gratuíta e busca promover o consumo desta carne de alta calidade, que conta con múltiples propiedades nutritivas pero que aínda non está totalmente instaurada na dieta habitual.

A programación da feira incluírá tamén actividades para todos os públicos, con especial atención aos máis pequenos, que poderán gozar de xogos, inchables, toro mecánico e



mesmo un bautismo hípico gratuíto, pensado para achegar o mundo do cabalo ás novas xeracións. Non faltará a música en directo para amenizar tanto a hora do mediodía como a última parte da xornada.

Entre as citas deportivas destacan as carreiras de andadura, tanto para afeccionados como para federados, que ocuparán boa parte da tarde. A feira completárase coa presenza de artesáns —entre eles traballos en madeira de grande valor simbólico

como homenaxe ás xeracións pasadas—, tendas con produtos variados, roupa e o sempre demandado polbo á feira.

Desde o Concello agardan repetir o éxito de edicións anteriores, cunha afluencia que mestura perfís moi diversos, desde público do rural ata persoas chegadas do ámbito urbano, consolidando así a Feira do Poldro de Muras como un espazo de encontro, tradición e promoción da cultura e da gandería galegas.

## O Trail das Bestas recupera a súa data de celebración, unha semana antes da Feira do Mel

O Concello de Muras, organizador do Trail das Bestas, vén de cambiar de novo a data para esta nova edición, que será o sábado 8 de novembro, unha semana antes da celebración da Feira do Mel de Montaña, que será o 16. Recupérase así a data orixinal de celebración tralo cambio realizado dous anos atrás por petición popular.

A organización, a que aínda non abriu inscricións, fixo esta convocatoria pero sen dar a coñecer cantas prazas haberá, pero se supón que

manterán as do ano pasado, que foron un máximo de 500.

Esta proba, unha das máis existentes do panorama deportivo da provincia ten un percorrido próximo aos 30 quilómetros con saída e meta na Área Recreativa da Veiga despois de percorrer un circuíto marcado con cinta de balizamento e con sinais de dirección nos cruces a carón da localidade de Muras chegando á Serra do Xistral no seu punto máis afastado.

### EN BREVE

**SILÁN.** A parroquia de Silán, en Muras, celebrará a fin de semana do 11 e 12 de outubro as súas festas na honra a San Estevo e á Virxe de Fátima. O sábado, a día dará comezo ás 13.00 horas cunha misa solemne, procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Stéreo, que volverá a actuar na verbena da noite xunto a Los Satélites. O domingo, logo dunha misa e procesión á mesma hora, será o grupo JB Son os protagonistas da sesión vermú prolongada.

**MEMORIA.** O Concello porá en marcha este mes unha serie de obradoiros de memoria. Pen-

sados especificamente para as persoas maiores, faranse todos os venres ás 17.00 horas na Casa do Médico. Están deseñados xunto coa Asociación de familiares e enfermos de Alzheimer e outras demencias de Lugo (Afalú). As persoas interesadas en asistir, non é necesario que se anoten en ningunha parte. Para calquera dúbida, se debe chamar ao teléfono do Concello.

**A Balsa.** A localidade de Balsa, en Muras, celebrará a primeira fin de semana de outubro as súas festas na honra á Virxe do rosario. O sábado, haberá misa solemne pola

mañá, a partir das 13.30 horas, seguida da tradicional procesión. A sesión vermú estará ao cargo do grupo Máster e, pola noite repetirán este mesmo xunto a Los Satélites. O domingo 5 a misa abrirá de novo a programación á mesma hora. Non faltará tampouco a procesión e a sesión vermú, que estará ao cargo do grupo Máster de novo, coa que rematarán as festas. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa. As festas están organizadas pola Comunidade de Montes e Man Común da Balsa, que contan coa colaboración do Concello de Muras.

**Oferta de empleo**

**Creando. Futuro. Juntos.**

**¿Qué buscamos?**  
Buscamos mediadores que tengan aspiración y proyección de futuro, ganas de progresar y capacidad para poner en marcha nuevos proyectos.

**Funciones:**

- Búsqueda, captación y fidelización de clientes.
- Asesoramiento personalizado a clientes.

**Requisitos:**

- Titulación oficial mínima requerida: estar en posesión del título graduado en Educación Secundaria (ESO) o equivalente.

**Contacta con nosotros**  
**Jesús Ángel Martínez Quelle**, gestor de negocio Galicia Este  
Rúa do Concello, 3 Enfo., 32003, Ourense  
**T 955 904 488, M 680 705 802**  
**jesus-angel.martinez@helvetia.es**

**¿Qué ofrecemos?**  
Incorporación a nuestro Plan de Agentes Exclusivos con las siguientes ventajas:

- Formación especializada, para seguir creciendo como profesional del sector asegurador.
- Atención constante al mediador por parte de nuestras sucursales.
- Ambicioso desarrollo profesional y personal.
- Contrato mercantil.

**simple. claro. helvetia**

Tu aseguradora suiza

**RESTAURANTE PARRILLADA**

**O'Adro**

**COMIDA PARA LEVAR**  
**COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...**  
**Ven a probar os nosos cocidos**

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
**982 52 58 65 - 626 23 71 56**

## TERRA CHÁ



## Clausúrase en Lalín a VII Escola de Iniciación de Futuros Gandeiros

O pasado venres 22 de agosto púxose o punto e final en Lalín á VII edición da Escola de Iniciación de Futuros Gandeiros, unha iniciativa que se desenvolveu na Finca Mouriscade entre os días 18 e 22 de agosto e que contou coa participación dunha vintena de mozos e mozas de entre 8 e 25 anos. A actividade, impulsada pola Federación Frisoa Galega (Fefriga) coa colaboración do Clube de Xóvenes Gandeiros, a Cooperativa Clun e a Deputación de Pontevedra, ofreceu formación teórica e práctica sobre aspectos fundamentais do

sector gandeiro. Os participantes recibiron nocións de manexo de animais, preparación para concursos, xenética e benestar animal, sempre baixo a supervisión de profesionais. O obxectivo principal foi fomentar a remuda xeracional e espertar vocacións entre a xente nova para garantir o futuro da actividade gandeira en Galicia. A escola, que celebrou dúas edicións este verán, consolídase como un espazo de referencia para a aprendizaxe e a promoción do sector gandeiro entre a mocidade galega.

## A Deputación inicia a reparación da vía de Castro de Rei a Cospeito

A Deputación de Lugo iniciou os traballos de rehabilitación do firme da totalidade da vía LU-P-1104, a estrada provincial que conecta Castro de Rei e Cospeito desde Portomuiño a Momán.

Esta actuación, que conta cun investimento da institución provincial de case 135.000 euros, estase a desenvolver desde o inicio da vía ata o punto quilométrico 7,624.

As obras consisten na reapertura de cunetas, na reparación de afundimentos e danos e na repavimentación do firme.

Con estes traballos, que contan cun prazo de execución de tres meses, melloraranse as condicións de seguridade viaria, a comodidade e os desprazamentos da veciñanza. Trátase dunha importante actuación para os veciños e veciñas destes concellos da comarca da Terrá Chá, porque esta estrada articula o norte do Concello de Castro, dando servizo directo á veciñanza de varias parroquias e a diferentes explotacións agrogandeiras.

**AGLOMERADO.** A Deputación tamén completou os traballos de aglomerado en dous tramos da estrada LU-P-1611, que forma parte do cinto comarcal, ao seu paso polos conce-



llos de Begonte e Castro de Rei.

En total, o organismo provincial destina máis de 375.000 euros para acondicionar case dous quilómetros á altura da parroquia de Felmil, en Begonte —entre os puntos quilométricos 71,700 e 73,165—, así como outro treito de algo máis de tres quilómetros —do 78,620 ao 81,800— na parroquia de San Xiao de Mos, en Castro de Rei.

As obras, executadas pola empresa Cholo SL, incluíron a mellora da drenaxe e o fresado do firme. Unha vez rematado o estendido do novo aglomerado en quente, completárase a actuación coa reposición da

sinalización.

Esta intervención, como todas as que se están realizando no cinto comarcal, “é clave para a mobilidade na provincia”, como explican. A LU-P-1611 é unha vía fundamental que conecta directamente 12 concellos e se enlaza con importantes estradas autonómicas e nacionais como a A-6, A-54, N-VI e N-540. De feito, nos últimos dous anos a Deputación impulsou nove proxectos para mellorar esta estrada, dous deles aínda en fase de contratación, renovando así máis do 28% do seu trazado. Con 131 quilómetros, é a vía máis longa da provincia.



## Gandeiros envían forraxe a explotacións afectadas polos incendios

Ao igual que xa fixera no ano 2017 tralos lumes nos Ancares, a asociación Agromuralla está a levar forraxe ás zonas afectadas para alimentar o gando das explotacións que perderon os pastos.

Os destinatarios son gandeiros de vacún, ovino e caprino destas zonas que non teñen que dar de comer aos animais, pois o lume arrasou os pastos de montaña nos que tiñan o gan-

do nos meses do verán e nalgún caso mesmo queimou as instalacións nas que tiñan almacenada a forraxe.

Os rolos doados por gandeiros de distintos puntos da provincia (Guitiriz, Foz, Cospeito, Vilalba, Palas de Rei, A Pastoriza, Lugo, Guntín, Sarria, Lámara, Monforte entre outros) e A Coruña están a ser transportados de maneira altruísta por distintas empresas de transporte.

## Abre un novo prazo para solicitar as axudas á gandería extensiva

A área de Rural da Vicepresidencia da Deputación publicou no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria de axudas á gandería extensiva O que non arde, que poderán solicitarse ata o 29 de setembro. O programa, que conta cun orzamento de 385.000 euros -o triplo que na última edición-, diríxense a ganderías de gando cabalar, ovino, cabrún e porcino, que poderán solicitar axudas para financiar investimentos e gastos relacionados co manexo e a alimentación do gando en extensivo.

Concretamente, contéplase a subvención da compra de pastores eléctricos e accesorios para o seu funcionamento como baterías ou placas fotovoltaicas, a compra e o mantemento de valados móbiles de malla electrificada, de valados fixos electrificados, de colares

intelixentes para a monitorización da actividade animal, de refuxios, de pasos canadenses e doutros elementos para silvopastoreo como cepos, curros, mangas, comederos e bebederos ou pasos canadenses. Ademais, as ganderías poderán financiar gastos complementarios como rozas puntuais para a instalación de sistemas de protección ou a subscrición a aplicacións de monitorización intelixente.

As axudas, en réxime de concorrencia competitiva, poderán chegar a un máximo de 6.000 euros ou 12.000, no caso de solicitudes que inclúan pasos canadenses ou colares intelixentes. Na valoración priman o silvopastoreo con animais de razas autóctonas ou a condición de explotación prioritaria REGA, entre outras.

## Galicia contará este ano con 522 centros plurilingües

O sistema educativo galego contará este novo curso escolar con 522 centros educativos plurilingües, un programa da Xunta de Galicia de participación voluntaria que volve medrar un curso máis. En concreto, un total de 16 centros escolares súmanse á iniciativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP: nove debutarán na mesma e sete ampliarana en novas etapas.

Aos centros de FP que imparten ciclos plurilingües incorpóranse este curso o Instituto Plurilingüe Eusebio da Guarda (A Coruña), o Centro Integrado de FP Ferrolterra (Ferrol), o IES Plurilingüe Castro da Uz (As Pontes de García Rodríguez), o Instituto Punta Candieira (Cedeira), o Instituto Val do Asma (Chantada), o Instituto Lois Peña Novo (Vilalba), o Centro Integrado de FP A Xunqueira (Pontevedra), o Instituto de Teis (Vigo), e o Instituto de Rodeira (Cangas), e o Centro Integrado de FP Audiovisual de Vigo.

# “Os clientes valoran a calidade do produto e o bo servizo”

José Ángel Millares xestiona, xunto a Gloria Millares, a empresa Millares Torrón, situada no km 5 da N-540, preto da cidade de Lugo

Jessica Fernández

**Este ano o negocio fai 50 anos, como foron os comezos?**

O negocio iniciouse no ano 1975 en Castroverde da man de dous socios, Díaz e Torrón. En 1979 trasladouse a Lugo, á Ronda da Muralla, e en 1990 instalouse definitivamente no quilómetro 5 da estrada de Santiago, onde continúa na actualidade. No ano 2009 Díaz e Torrón decidiron tomar camiños separados, o que deu lugar á fundación de Millares Torrón S.L. Máis adiante, en 2019, abrimos unha nova tenda no quilómetro 3 da mesma estrada de Santiago, baixo o nome de Millavén, especializada en xardinería e na oferta de vehículos de recreo, como *buggies* e *quads*.

**Volvendo ao presente, como se atopa o negocio na actualidade?**

Na actualidade contamos cun cadro de 30 traballadores e unha facturación anual de arredor de 16 millóns de euros, cun crecemento sostido do 20 % cada ano. A evolución da empresa foi moi positiva: en 2009 produciuse a separación dos socios e un cambio de nome, e hoxe a dirección está nas mans da miña irmá, Gloria Millares, e máis eu, José Millares. A nosa vocación é apostar sempre por marcas punteiras, traballando con firmas de primeiro nivel. Somos número un venda de manipuladoras telescópicas en Galicia e distribuímos en exclusiva os manipuladores JCB para todo o territorio galego. Desde Lugo atendemos clientes de toda Galicia, mantendo un compromiso firme coa calidade e coa innovación.

**Destaca o seu alcance na comarca de Sarria e da Terra Chá.**

Traballamos especialmente nestas dúas comarcas, onde existe unha grande demanda de produtos agrícolas debido á alta concentración de granxas de leite e de vacún. Os principais clientes son, polo tanto, os propietarios de explotacións agrícolas e gandeiras. A nosa oferta non se limita aos tractores, senón que abrangue tamén maquinaria para a forraxe de herba e millo, así como todo o relacionado co ensilado, unha das actividades que máis traballo xera en Galicia. Cómpre ter en conta que, para o laboreo previo á sementeira e para a recollida da herba, son necesarias máquinas potentes e especializadas. Traballamos con dúas recoñecidas marcas alemás para o tratamento do chan, Amazone e Krone, ademais de distribuír produtos de Valtra e JCB. Así mesmo, dispoñemos de maquinaria para a trituración de prados e para o mantemento forestal, fundamental para manter os terreos limpos, algo especialmente relevante nas explotacións gandeiras do rural e que se pon de manifesto tamén na prevención dos incendios.

**Ademais da venda de maquinaria nova, tamén teñen un servizo de maquinaria usada.**

Si, vendemos maquinaria nova das marcas que mencionamos e dispoñemos dun servizo de recambios para todas elas, ofrecendo así unha atención integral que abrangue desde a compra ata o final da vida útil da máquina. Durante todo ese proceso estamos sempre ao dispor dos nosos clientes, xa sexa para

subministrar pezas ou para realizar labores de mantemento no noso taller. Ademais, apostamos pola reciclaxe e a reutilización. Cando un cliente nos comunica que a súa máquina xa non lle resulta útil, recollémola, revisámola e poñémola de novo á venda en condicións óptimas. Para iso contamos cun equipo de 11 mecánicos especializados que se encargan de reparar tanto a maquinaria nova como a usada, garantindo a súa posta a punto e ofrecéndoa sempre cunha garantía de calidade.

**Contan cunha nova gama de tractores, non?**

Hai dez anos comezamos a traballar coas manipuladoras telescópicas de JCB e hai dous que estamos introducindo moi firmemente os tractores de JCB, os FASTRAC, xa que en toda Europa está medrando a venda de este modelo de tractor; polo que tamén realizamos demostracións. Todos os que os proban coinciden en que son os máis cómodos do mercado, con tracción ás catro rodas, sistemas de seguridade avanzados como ABS e freada integral nas catro rodas, semellante á dun camión, capacidade para acadar velocidades superiores na estrada, arredor dos 70 e 80 km/h, e cun nivel de seguridade moi elevado. Trátase dun modelo que ata hai pouco apenas se vendía, pero que está experimentando un crecemento notable, duplicando as vendas cada ano. A propia fábrica está a incrementar a produción para dar resposta á alta demanda destes tractores JCB. Realizamos entre 25 e 30 demostracións anuais en



diferentes puntos de Galicia, e nos dous últimos meses xa levamos varias xornadas deste tipo. Os clientes poden solicitar probar o tractor durante un día completo de forma gratuíta, unha experiencia que se traduce en vendas directas. Ademais, o boca a boca funciona á perfección: cando un cliente compra un destes tractores, xa o vende logo el.

**Como valoran os seus clientes o servizo prestado?**

Hoxe en día o servizo rápido é fundamental, e por iso esforzámonos en ofrecer a mellor atención posible. Os clientes valoran moito recibir un bo servizo, e nós traballamos intensamente para garantir que as máquinas estean sempre a punto durante as campañas. Para iso dispoñemos de maquinaria de substitución, de maneira que, se se produce unha avaría nun equipo, poidan dispoñer dunha solución inmediata. Outro aspecto clave é o asesoramento. Moitos clientes non teñen claro que maquinaria lles convén, e aí é onde entra en xogo a nosa experiencia. Aconsellamos sempre en función das súas necesidades concretas e das características da súa explotación, ofrecendo ideas e solucións adaptadas a cada caso. Por iso, temos unha clientela moi fiel, xa que arredor do 70% continúa confiando en nós, cunha

compra recorrida. É dicir, a maior parte das máquinas que ten o cliente na súa explotación agrícola son da nosa empresa, e a iso chámase unha boa fidelización do cliente. Isto débese á proximidade no trato, á calidade do servizo e do produto, así como ao carácter familiar da empresa, que coñece de primeira man as necesidades do sector.

**Que expectativas teñen de cara ao futuro?**

O noso obxectivo de cara ao futuro con JCB é aumentar a cota de mercado en Galicia. Pretendemos consolidar a presenza da marca e ampliar a rede de servizos para estar máis próximos ao cliente, creando talleres colaboradores noutros puntos da comunidade e garantindo que cada provincia conte cunha referencia oficial como concesionario JCB. Xa contamos con talleres colaboradores e queremos seguir habilitando novos talleres certificados por nós. Aínda que queda traballo por facer, as bases para crecer e mellorar xa están asentadas.

**N.-540, Km. 5, 27210 Lugo**

**982 221 966**

<https://millarestorron.com/>

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**

[www.ocioengalicia.com](http://www.ocioengalicia.com)

# AS BANDAS DE MÚSICA

## Tradición e futuro da cultura galega

**A comunidade autónoma de Galicia conta, desde o século XIX, con centos de bandas de música popular que desempeñan un papel fundamental na difusión da cultura tradicional e na creación de lazos que unen xeracións a través da música**

En Galicia existen hoxe en día centos de bandas de música tradicional que, desde o século XIX, veñen desempeñando un papel esencial na difusión da cultura popular, dentro e fóra da comunidade. Este tipo de agrupacións non só proxectan o folclore galego máis alá das nosas fronteiras, senón que tamén cumpren unha función social, creando lazos entre xeracións a través da música e da tradición, ao tempo que actúan como verdadeiras embaixadoras culturais dos concellos aos que representan. As primeiras agrupacións xurdiron no século XIX, inspiradas nas bandas militares. Moitos directores e músicos formados nese ámbito atoparon nestas formacións civís un espazo onde continuar a súa práctica musical e abrir novas oportunidades profesionais. Desde entón, Galicia viu nacer centos de bandas que seguen hoxe a enriquecer o seu patrimonio cultural e que se expanden por todo o territorio.

### REFERENTES HISTÓRICOS

Entre todas, a Banda Artística de Merza, fundada en 1828, está recoñecida como a máis antiga de Galicia. A súa historia, marcada por divisións e posteriores reunificacións, consolidouna como un símbolo da música popular galega. Ao longo da súa historia, actuou en Europa e América, conta con máis de vinte premios internacionais e, desde os anos setenta, mantén unha escola de música que continúa formando novas xeracións.

Por este título de banda máis antiga de Galicia compite tamén A Lira de Ribadavia que, aínda que o primeiro documento oficial que acredita a súa existencia é do ano 1840, existen documentos previos de comezos de 1800 que deixan entrever a súa presenza. A súa historia, ao igual que o de outras moitas agrupacións, estivo atravesada por tensións que remataron por dividir a agrupación ata a súa reunificación en 1894. Desde entón, acumulou unha decena de premios en certames nacionais e internacionais e segue sendo un pilar cultural na comarca, convertendo Ribadavia nun referente da cultura popular de bandas en toda Galicia.

A seguinte en xurdir foi a Banda Municipal de Santiago de Compostela, creada en 1848 e profesionalizada en 1876, que marcou época cos seus concertos de paseo na Alameda e na Rúa do Vilar.

Pola súa parte, a Banda Municipal de Celanova, fundada en 1853, ta-



mén está considerada unha das máis antigas de Galicia e, ao longo da súa historia, consolidouse como unha institución clave na vida cultural da vila, desenvolvendo unha importante labor educativa e fomentando a cultura e a música tradicional entre os máis pequenos.

Tamén centenaria é a Banda de Música de Ortigueira, creada en 1860 por Florentino Castiñeiras, organista da Igrexa de Santa Marta. Tras anos de altos e baixos, a banda chegou a desaparecer en 1960 e non volveu rexurdir ata 1992, baixo a batuta de Francisco Aliaga. Porén, a banda tal e como a coñecemos renaceu oficialmente en 2005, tras a unión da Banda Escola de Música de Ortigueira e a Banda Cultural. Hoxe é unha das máis recoñecidas do territorio e alcanzou, ao longo da súa historia, un gran prestixio internacional.

### LUGO, TERRA DE BANDAS

Tamén durante o século XIX a provincia de Lugo representou un dos escenarios máis fértiles para este fenómeno cultural. Alí naceu en 1865 a Banda de Música de Chantada, fundada polos irmáns Fernández, coñecidos como Os Ferraías, autores da coñecida Muiñeira de Chantada. Desde entón, pese a algúns altibaxos nos anos 70, a formación logrou manter unha traxectoria de máis de século e medio, marcada pola súa capacidade de adaptación e por unha intensa labor educativa e comunitaria, que hoxe en día continúa.

Pouco tempo despois, en 1869, xurdiu a Banda de Música de Sober, grazas á iniciativa de Casimiro Pérez López, coñecido como "O Chá", que comezou a reunir varios músicos da zona. Tras atravesar etapas de crise, consolidouse definitivamente en 1975 coa creación da súa escola de música, que hoxe conta con máis dun

centenar de alumnos.

Un ano despois, en 1870, na parroquia de Farbán, naceu a Banda de Música de Sarria como unha agrupación de carácter lúdico para poñerlle música as festas da comarca de Sarria e despois nas distintas casas do pobo. Na actualidade, segue a ser un motor cultural da vila, con máis de 60 integrantes e unha escola de música activa, que conta con arredor de 250

### A Banda Artística de Merza, fundada en 1828, está recoñecida como a máis antiga de Galicia

alumnos, entre os que destacan os pequenos, que poden cursar 'Estimulación musical temperá' a partir de 6 meses, unha iniciativa que tivo moi boa aceptación. Pero a meirande parte do alumnado da escola está formada por nenos e nenas de entre 6 meses e 10 anos, aínda que hai aulas de adultos, que acollen persoas de ata 70 anos.

### NOVAS AGRUPACIÓNS

Se o século XIX foi o punto de partida, o XX supuxo a auténtica explosión do movemento, especialmente nas súas últimas décadas. Naqueles anos, tras superar unha época escura e de estancamento do movemento durante a Guerra Civil, naceron un gran número de agrupacións municipais e comarcais, como a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo ou as de Ordes, Brión, Bueu, Teo, Cambre e Cedeira, consolidando as bandas como unha parte imprescindible da vida comunitaria, especialmente no rural.

Ese florecemento continúa hoxe con



novas iniciativas que buscan renovar e actualizar a tradición. Un exemplo é a Escola e Banda Municipal de Música Sons e Soños, un proxecto que une aos municipios de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol, xurdido en 2007. A banda naceu con apenas unha decena de alumnos e un único profesor, Armando Morales, que hoxe exerce como director. Moi pronto, grazas ao traballo dos seus membros, a agrupación consolidouse como motor cultural da comarca, apoiada tamén polo esforzo conxunto dos municipios participantes, polo compromiso do profesorado e polo respaldo constante da Asociación Músico Crisanto, presidida por Pablo Rábade.

Na actualidade conta con preto de 300 alumnos e 26 profesores, e deu lugar a formacións tan diversas como a Murajazz Big Band, a súa versión xuvenil, grupos de pandeireteiras, a Banda de Gaitas Sons da Chaira, un coro e a propia Banda Sons e Soños. O seu primeiro ensaio tivo lugar en xuño de 2011 e, apenas seis meses despois, xa ofrecía o seu concerto inaugural. Desde entón mantén unha actividade constante e nos últimos anos actuou en escenarios como o Lugo Music Festival, en Tenerife ou na emblemática Praza das Praterías de Santiago.

Neste panorama recente destaca tamén a Banda Filarmónica de Lugo, creada en 2013 polo director Iván Martínez Sabio xunto a músicos vencellados á Sociedade Filarmónica e ao Conservatorio Xoán Montes. Desde os seus inicios, a banda organizou cursos de dirección e gravou un disco que a consolidou no ámbito rexional. Outro dos exemplos máis recentes do rexurdir da música tradicional é a Banda de Música Santádegade de Coles, fundada en 2008 polo pianista Luís Humberto Cao. Con máis de sesenta músicos, obtivo recoñecementos

en certames da Federación Galega de Bandas de Música Populares, incluíndo primeiros premios en 2019 e 2022, e mantén unha actividade constante en Galicia e Castela e León, participando en festivais de bandas e levando a súa música ás festas patronais do municipio e da súa contorna. Nos seus 17 anos de historia está xa ben consolidada como unha das máis relevantes do territorio e xogou un papel fundamental na recuperación da tradición deste municipio, que chegou a contar con ata oito bandas. Do mesmo xeito, a Banda da Escola de Música Municipal de Vilaboa, nacida en 2015, consolidouse nos seus dez anos de historia como unha das formacións xuvenís máis activas de Galicia. A banda foi creada para dar continuidade á formación de alumnos de vento, percusión e corda, pero pronto pasou a ser un referente cultural do municipio, participando en distintos eventos e festivais, e logrando o segundo premio no XIII Certame Galego de Bandas de Música na categoría infantil.

Na mesma liña renovadora destaca a Banda de Música da Comarca de Sarria, nacida no verán de 2023 e que, do mesmo xeito que Sons e Soños, ten vocación intermunicipal. O proxecto reúne, baixo unha única dirección a músicos de Lánchara, O Incio, Paradela, O Páramo, Samos, Sarria e Triacastela. O proxecto, que naceu coa clara vocación de enriquecer a vida cultural da zona e manter viva a tradición, non tardou en consolidarse. O seu primeiro concerto coincidiu coa festividade de Santa Lcía, en novembro de 2023 e, apenas un ano despois do seu nacemento, en xullo de 2024, impulsou o Festival de Bandas da Comarca de Sarria, converténdose nun espazo de colaboración interxeracional e de intercambio cultural.

# DEPUTACIÓN

## Investimento nun programa de formación de mulleres con AELU

O presidente da Deputación da Lugo, José Tomé Roca, vén de asinar na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos un convenio de colaboración coa presidenta de AELU -Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo-, Anjhara Gómez Rodríguez, mediante o cal a institución provincial realiza unha achega económica de 40.000€ para apoiar o programa Galatea. Trátase dun proxecto de asesoramento que busca ofrecer a mulleres empresarias e emprendedoras da provincia obradoiros de capacitación nos que poidan adquirir novos coñecementos e habilidades relacionadas co seu desenvolvemento e capacitación profesional.

José Tomé Roca recordou que a institución provincial mantén unha estreita colaboración con esta entidade sen ánimo de lucro que leva “case corenta anos traballando na defensa e na promoción dos valores sociais e profesionais da muller empresaria. Por iso, colaboramos non só co programa Galatea, senón tamén con outras moitas iniciativas



coas que apoiamos conxuntamente o tecido produtivo da provincia e impulsamos o emprendemento feminino”.

Co proxecto Galatea, que se realizará de setembro a decembro, levaranse a cabo actividades de asesoramento e formacións específicas que poderán ser individuais ou en grupos reducidos. As participantes poderán informarse sobre cuestións relacionadas coa marca persoal e a comunicación dixital; a planificación

financeira; a conciliación e a xestión do tempo; ou en aspectos xurídicos e fiscais, así como noutros temas do seu interese.

Ademais, esta iniciativa tamén inclúe formacións sobre competencias dixitais para a comunicación empresarial, obradoiros de coaching para contextos empresariais e emprendedores, talleres de xestión do estrés e do equilibrio entre o persoal e o profesional, actividades de benestar ou obradoiros de creatividade.

## Achega de 4.000 euros para programas de asesoramento da CEL

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López Vázquez, veñen de asinar no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración que contempla unha achega económica de 40.000 euros á entidade. Esta contía servirá para financiar o programa de asesoramento ás pequenas e medianas empresas da provincia Asesora CEL.

Concretamente e con cargo a este investimento, a CEL poderá contratar a 4 persoas para a realización deste programa e tamén poderá sufragar parte dos gastos xerais de funcionamento da entidade.

“Lugo ten unha das porcentaxes máis altas de España de pequenos negocios no seu tecido empresarial; o 99,97% das nosas empresas son PEMES —só por detrás de Ávi-

la, que ten un 99,98%—, polo que é especialmente importante ofrecer este tipo de apoio”, valorou Tomé Roca. Explicou que este tipo de negocios ten dificultades engadidas para acceder á información e servizos de asesoramento en material xurídica e laboral.

Este servizo pretende axudar aos empresarios e empresarias da provincia en cuestións de contratacións, retribucións, salarios, horarios, obrigas de seguridade e saúde, conciliación e igualdade. Tamén poderá poñer ao día sobre normativa medioambiental ou sustentabilidade. Unha nova colaboración vén a reforzar a estreita relación que a Deputación mantén coa Confederación de Empresarios de Lugo na organización e desenvolvemento de diferentes iniciativas, para seguir favorecendo e impulsando o crecemento económico da provincia.

## A Deputación colabora con Afalu e Auxilia para iniciar novos programas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, vén de asinar un convenio de colaboración coa presidenta da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Lugo (Afalu), Carmen Pena Ledo, polo que a institución provincial destina 12.000€ para desenvolver o programa Estimulación Cognitiva de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias.

Este programa permitirá levar a cabo terapias non farmacolóxicas, atención psicolóxica e formación a cuidadores a zonas rurais da provincia, onde o acceso a este tipo de recursos é limitado, pese a que Lugo presenta unha das taxas de envellecemento máis elevada de Galicia, cun 27,6% da poboación maior de 65 anos.

José Tomé Roca enmarcou esta colaboración dentro da aposta da Deputación “por un rural que merece estar en igualdade de condicións co entorno urbano, con recursos e oportunidades para todos e todas”. O mandatario provincial

destacou que, con este programa, a institución “contribúe a que persoas diagnosticadas con alzhéimer ou outras demencias poidan recibir atención especializada no seu propio concello, sen ter que desprazarse a Lugo capital ou a outros centros urbanos”.

A iniciativa que desenvolverá Afalu inclúe terapias de orientación á realidade, psicomotricidade, musicoterapia, ludoterapia, labor-terapia ou reeducación da memoria, linguaxe e atención. Ademais, prestarase apoio ás familias, ofrecendo información, asesoramento sobre recursos dispoñibles, atención psicolóxica e cursos de formación para cuidadores, co obxectivo de mellorar tamén a súa calidade de vida.

**AUXILIA.** Tamén asinou un convenio de colaboración coa presidenta de Auxilia Lugo, Nuria Neira Vila, polo que a institución provincial achega 5.000 euros a esta entidade social para desenvolver o programa Promoción da autonomía



persoal no domicilio rural. Trátase dunha iniciativa que busca mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade física que residen en concellos rurais da provincia.

José Tomé puxo en valor o labor que desenvolve Auxilia Lugo desde hai máis de 50 anos e subliñou que este programa “axuda a que as persoas con discapacidade poidan levar unha vida máis autónoma e digna nos seus fogares, sen verse obrigadas a abandonar o seu entorno familiar e social”. Así mesmo, destacou que esta colaboración forma parte da aposta da institución provincial “por un rural máis xusto, inclusivo e con igualdade de oportunidades para todas as persoas, independentemente da súa situación ou lugar de residencia”.



No marco deste convenio, Auxilia Lugo levará a cabo accións enfocadas a fomentar a vida autónoma no fogar, o acceso á información e recursos, así como a participación activa na comunidade das persoas con discapacidade. O programa contempla visitas domiciliarias de asesoramento, acompañamento profesional, formación en novas tecnoloxías e actividades que favorezan a autoestima, a seguridade e o benestar persoal.

A entidade avalía as necesidades concretas dos usuarios no seu propio fogar, ofrece información sobre recursos, produtos de apoio e posibles adaptacións no domicilio, contribuíndo así a eliminar barreiras arquitectónicas e a retardar, na medida do posible, o ingreso nun centro residencial.

## Convocan as prazas para 8 psicólogos e 2 veterinarios

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou as bases específicas de dous procesos selectivos que convoca a institución provincial para o ingreso en 8 prazas de psicólogo e 2 de veterinario de persoal funcionario de carreira. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a reunión semanal.

“Hoxe aprobamos diferentes cuestións que virán mellorar a atención que desde a Deputación de Lugo prestamos ás persoas, porque son medidas relacionadas cos coidados, coa eficiencia na xestión, o aforro económico e a mellor utilización de recursos. Medidas que dan conta do noso compromiso co territorio, porque fortalecendo os servizos propios conseguimos unha institución máis próxima, eficaz e autosuficiente”, valorou o deputado.

Explicou Rivera Capón que as prazas serán de acceso libre polo sistema de concurso-oposición. As prazas de psicólogo serán para dar servizo na rede de Centros de Atención a Maiores e as de veterinario, na Granxa Gayoso Castro.

## COLABORACIÓNS

## Desfeita

## OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Desde que colaboramos co xornal Terrachaxá, durante o verán cruzamos os dedos agardando non vérmonos na necesidade de escribir sobre os incendios. Tratamos de confiar na sorte e que pasen as semanas. Sobran temas sobre os que esbardallar.

Pero o dous mil vinte e cinco, igual que ten acontecido noutros anos precedentes, non podemos evitar ocuparnos do asunto que está a producir un tremendo malestar no País nestes días de agosto, onde o lume semella ser

invencible, sobre todo na provincia de Ourense. Cando nos poñemos a redactar este artigo, a cifra da superficie queimada produce calafríos, xa que levan ardidias máis de setenta mil hectáreas. Chandrea de Queixa, Larrouco, Vilardevós, Vilamartín de Valdeorras, Viana do Bolo, Oimbra, Xinzo de Limia, A Mezquita, A Gudiña, Trives, ...e mesmo a propia capital provincial, son concellos onde as lapas levaron por diante monte, pasteiros e ata vivendas. O fogo avanza sen control e non entende de fronteiras, xa que continuou polo sur da provincia de Lugo, chegando a Quiroga, Ribas de Sil ou O Courel. Tamén Os Ancares se viron afectados por esta lacra para a cal semella non existir un poder

que a dome e que a derrote con rapidez e contundencia. Alén do noso territorio, observamos que amplas zonas de Zamora, León e Portugal son devoradas polos incendios, onde lugares míticos como As Médulas ou a Serra da Culebra sufriron importantes danos. Aquí temos que lamentar a perda de vidas humanas.

As imaxes que contemplamos a través das televisións, así como as testemuñas dos veciños que traballaron arreo, día e noite, tratando de evitar que ardesen as casas, os animais e eles mesmos, resultan arrepiantes. Os medios de extinción víanse superados ante a magnitude dos incendios.

E isto aínda non rematou. Desexamos que cando a edición de

setembro do xornal estea publicada, tódolos lumes fosen extinguidos por completo.

As análises e valoracións que se están a realizar e que se realizarán unha vez superado este pesadelo, na mesma liña das escoitadas en ocasións anteriores. Fálase e fálase do abandono do rural, da emerxencia climática, da excesiva plantación de eucaliptos ou dunhas febles medidas preventivas. O dito que os incendios se apagan no inverno, repetírase de maneira reiterada. Chama a atención que o territorio que está ardendo neses concellos ourensáns, non se caracteriza precisamente pola proliferación das especies invasoras que son altamente inflamables, senón que o bosque autóctono aínda

ten unha presenza considerable, sobre todo os soutos de castiñeiros, así como o predominio da gandaría extensiva. Pero nin así. Unha auténtica catástrofe, unha desfeita sen paliativos, vimos de contemplar no mes de agosto do presente. A destrución é maiúscula, xa que por unha parte, temos o dano que se produce ambiental e ecoloxicamente, e por outra, as consecuencias económicas que derivan das perdas materiais, desde a madeira queimada e animais mortos ata as vivendas arrasadas polo lume.

Nunca queremos no estío falar deste tema, pero a realidade obrigounos a iso. De hoxe nun ano agardamos que o asunto a tratar non produza tanto desacougo.

## Don Ramón Cabanillas en Barakaldo

## FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O poeta cambadés, coñecido tamén como o “poeta da raza”, pasou tempadas en Barakaldo, na casa da súa filla, que traballaba de farmacéutica nese pobo da marxe esquerda da ría do Nervión e vivía no 3º andar do daquela, número 29 e hoxe 13, da Rúa dos Fueros.

A primeira estadia foi de finais do ano 1954 a primeiros de 1955 e nesta tempada escribiulle dúas cartas a Francisco Fernández del Riego, nas que lle falaba da edición en Galaxia de “O Mariscal”. Ía moito polo Centro Galego de Barakaldo, pero atopábase moi integrado na sociedade vasca, pois nunha carta a Xesús Alonso Montero o 27 de xuño de 1955, dille que cando sae da casa vai a Santurtzi, porque lle encantaba o mar e o cheiro a peixe asado.

Sabemos que o 22 de xullo se atopaba en Santiago, pero o 14 de outubro xa lle escribe desde Barakaldo a Valentín Paz Andrade unha carta certificada, dicíndolle que ten medo que non a reciba porque sospeita que son moitos os que están suxeitos a unha vixilancia governativa, que

lle parece cousa de risa e na que se queixaba dunha hemorraxia esofáxica orixinada pola tensión. En novembro 1955, escribílle a Francisco Fernández del Riego, dicíndolle que se atopa mal de saúde, o que lle impide facer a viaxe a Galiza, polo que pasará o inverno “nesta acolledora terra vasca” e o 28 de xaneiro de 1956 escribílle outra carta a Paz Andrade, asegurándolle que sairá daquel inverno frío e bretemoso, porque o espírito sigue a pé firme e contra el non poden nada os achaques da vellez. No verán dese ano trasladouse a Galiza, pero en febreiro de 1957 atopábase outra vez en Barakaldo, onde o visitou Ramón Otero Pedraio, que estaba pasando unha tempada en Santander. O 29 de outubro de 1957 é a última data que temos constancia da súa estancia nesa cidade.

A estancia en Barakaldo do autor “Da Terra asoballada”, fixo que os emigrantes galegos da “Asociación Cultural Rosalía Castro” de Barakaldo e do “Fato Cultural Daniel Castela” de Trintxerpe quixeran dar a coñecer a súa estadia nese pobo vasco, colocando unha placa na casa onde viviu, polo que o día 20 de maio de 1990 levamos a cabo a inauguración dunha placa tallada por min en madeira e fundida na vella facto-



ría da “Aurrera” de Sestao.

Nesa inauguración Manuel María leu o soneto “A Ramón Cabanillas”, que escribiu expresamente para ese acto, no que di así: Meu Ramón Cabanillas de Cambados:/ trouxeche as palabras mais fermosas./ As músicas sotíles, misteriosas;/ os potentes trebós bravos e irados./ Eiquí estamos, con eivas tebregosas,/ inseguros tristes e calados; vellos, murchos, pasivos, entregados;/ cultivando as espiñas, non as rosas./ Mais a túa voz sempre quedará/ como semente de luz e de porvir/ e o corazón, entón, florecerá./ Novamente a beleza agromará/ pois, cando se ten desexo de vivir,/ o pobo que el non quér, jnon morrerá!

Debaixo deste poema puxo: “Barakaldo, 20 de maio de 1990. Día

da inauguración da placa conmemorativa colocada pola AGRUPACIÓN CULTURAL ROSALÍA CASTRO de Barakaldo e FATO DANIEL CASTELAO de Trintxerpe, na casa en que viviu Ramón Cabanillas.

Un ano despois, o 19 de maio de 1991, Uxío Novoneyra leu diante desa placa un escrito da súa autoría, no que se dirixía a Cabanillas deste xeito: “Neste día que eu chamo dos poetas mortos, polo pasamento de María Mariño Carrou, traémosche unha ofrenda. Mellor dito: Os galegos de Vizcaia poñen esta ofrenda nas miñas maos pra que a erga a ondia ti, onde ti estás agora, xa salvado no nome de Galicia e no seo da Lingua da Patria-Lingua para sempre.

Por eso temos que conservar, que soster, a nosa Lingua, para

salvarvos a vós os que so nela estades con totalas xeracións pasadas, vivas e vivos nela e na que nós tamén un día teremos inmortalidade, si a Lingua galega sigue sosténdose como pedía Cunqueiro, mil primaveiras máis.

Non temos outra comunión que a de falarvos, que a de falar nela pra que todos revivades como erades cos vosos xestos, co voso xeito e mirada, acento e voz coñecidos, sin que nada se perda, coma se volvesen os mesmos corpos e alento que tuvestes.”

Despois de ler outros tres parágrafos en defensa da nosa lingua, remataba con estas verbas: “Amigo Cabanillas, só dicirche unha nova a ti que tamén os coñeciches: Sigue habendo caciques coma sempre ou mais que nunca, simples traficantes do poder.”

Hoxe esa placa atópase no Centro Galego, no que pasaba moitas tardes e onde tamén unha foto súa preside a biblioteca, porque a primeiros do ano 2002 derribaron o vello edificio dos Fueros para construír pisos de luxo e o daquela presidente do Centro, Xulio González, pediunos permiso á Asociación para recoller a placa e poñela no Centro; nós dixémoslle que si, pois ao desaparecer o edificio era o lugar mais axeitado.

Grazas a el non foi á chatarra.

# DEPORTES

## Arranca a Liga con moitos cambios nas categorías feminina e de base

Despois dun verán de cambios nos equipos, de baixas e fichaxes, a fin de semana do 6 e 7 de setembro será o tempo de volver aos campos de fútbol, nunha nova tempada que volve traer cambios na xerarquía das categorías nas ligas de base. O único que se estreou xa é o primeiro equipo do Lugo, que é o que máis arriba está na competición futbolística da provincia e que saíu ao verde para o seu primeiro duelo da liga regular a última fin de semana de agosto. O albivermello está este ano en Primeira Federación e é o único da provincia en ocupar praza, concretamente no grupo 1, xunto a outros galegos como Ferrol, Ourense CF, Pontevedra CF, Arenteiro e Celta Fortuna. Un piso máis abaixo, en Segunda Federación, está a Sarriana, que debutará na categoría logo dun ascenso moi disputado e coa vista posta na permanencia. Esta categoría está dividida en 5 grupos e os galegos están no primeiro. Iván Carril está aos mandos dun equipo que se renovou para esta nova e longa batalla. As categorías profesionais rematan aquí, dando paso á Terceira Federación onde este ano xúntanse varios equipos da provincia no único grupo galego. O Lugo B, o Vilalbés e o Viveiro terán a mesma data de inicio que o resto e competirán polo prezado ascenso, que constará dunha única praza directa e outras catro para disputar a promoción. Pola contra, serán tres os asentos que levarán aos equipos de volta á Preferente, onde este ano o Pol e o Burela (que vén de ascender) serán os encargados de

defender o pavillón lugués no grupo norte, mentres o Lemos o fará no grupo sur. Os ascensos serán similares que en Terceira, pero haberá catro descensos. Tamén está todo preparado para o inicio das competicións provinciais. En Primeira Futgal, agrupados principalmente no grupo 3, a data de inicio será o día 7 tamén e contará con novos participantes, un Ribadeo que descende tras varios anos en categorías superiores, e outros ascendidos, como o Iberia, ou o regreso do Milagrosa, logo de xogar a tempada pasada con equipos da provincia de Pontevedra. O Brollón, pola súa conta, que ascendeu o ano pasado, xogará no grupo 4, xunto aos equipos de Ourense. Tamén regresa o Escarón tras unha tempada na categoría superior. Residencia e Castro, que xogaron a promoción, non lograron o ansiado regreso á Preferente. Nos dous grupos de Segunda, que esperarán unha semana máis para o comezo, hai moitos máis cambios. No grupo 1 regresan á categoría por descenso Pastoricense e Meira, e se incorporan por ascenso Goiriz, Matela e Castroverde. No grupo 2 só chega por descenso o San Lázaro mentres ascenderon Monterroso B, Sarriana B e Sober. A Terceira tamén terá novidades, tendo a súa xornada inicial o 28. Dividida novamente en dous grupos, no primeiro debuta o Pol B, equipo de nova creación, e contará con Mondoñedo e Muimenta, que descenderon o ano pasado, o primeiro nos arrastres e pola retirada da compe-

tición do Cospeito despois dunha tempada horrible. No grupo 2, os descensos afectaron a Quiroga e Rubián e, ademais, o Incio e A Piringalla caeron tamén polos arrastres. As ligas femininas tamén terán o seu inicio en setembro. A Terceira Federación, que agora volve ter categoría de autonómica, contará co PM Friol, que sairá ao verde o día 21 para seguir buscando o ascenso despois dos profundos cambios que realizaron e que baixaron a categoría das luguesas, que o ano pasado quedaron no top 10 dunha competición nacional. O CD Lugo, compañeiro de disputa, non estará no seu sitio debido aos cambios que trouxo a transformación interna do club, logo da decisión de eliminar a liña feminina, polo que esta retorna á Terceira División Galega, para a que aínda non se coñecen os calendarios nin os equipos participantes. Si se sabe xa que o Antas estará en Primeira, logo do ascenso o ano pasado.

**FÚTBOL BASE.** Este ano, os equipos da provincia volverán ter representación en todas as categorías superiores do fútbol base. O equipo xuvenil principal do Lugo logrou o ascenso á División de Honra, despois dun ano no descenso. A competición, cun grupo moito menos numeroso, arrancará o día 13. Pola súa banda, o Lugo B estará na Liga Nacional Xuvenil. Na máxima categoría cadete e infantil tamén estará o Lugo, como único representante da provincia. A Preferente, tanto xuvenil, como cadete e infantil, que se correspon-

### EN BREVE



**XERMADE.** O CD Xermade proclamouse campións da Copa Concello tras lograr unha vitoria por 1-0 ante o SDC Cabreiros na final que se disputou en Cazás. O encontro estivo marcado pola intensidade e a emoción ata o último minuto, cun gol decisivo que deu ao Xermade o trofeo.



**VILALBÉS.** O Bergantiños FC proclamouse campión do Trofeo President en Vilalba despois de superar ao Rácing Vilalbés nun encontro intenso que rematou sen goles e que tivo que resolverse desde os once metros (0-0, 2-4). Pola súa banda, o equipo xuvenil gañou o trofeo Jorge Tato ante o CD As Pontes por 3-2.

dería coa Liga Galega de edicións pasadas, tamén se reestrutura para estar formada por 3 grupos. Na xuvenil están os lugueses do norte, con Residencia e Vilalbés; mentres que no 3 estará o Calasancio. Na cadete, a representación da provincia estará en mans dos mesmos dous equipos, ademais do Lugo B. A Milagrosa, Residencia e A Piringalla serán os representantes na infantil do norte, xunto

ao Calasancio, no sur. Todos arrancarán a mediados de mes. O novo cambio que ten este ano é que a provincial queda dividida en Primeira, Segunda e Terceira, as dúas primeiras categorías tamén terán o seu inicio rapidamente, pero a Terceira terá o seu comezo máis tarde, ao igual que o farán os alevíns, benxamíns e prebenxamíns, que ata outubro non saíran ao verde.

## Chega a Friol o XVIII Rally Cidade de Lugo

O Concello de Friol converterase o sábado 13 de setembro, no epicentro do patrimonio automobilístico histórico coa celebración do XVIII Rally Cidade de Lugo. Trátase dun evento que vai máis aló do mundo do motor para consolidarse como un referente turístico e cultural na provincia. A cita está organizada pola Asociación Lucense de Automóviles Antigos, co apoio dos Concellos de Friol, Guntín e Lugo, e servirá de escaparate da riqueza histórica e patrimonial da comarca. O encontro atraerá numerosos visitantes e afeccionados ao motor chegados de diferentes

puntos do territorio. O programa do rally inclúe un parque pechado na Praza Andón Cebreiro, onde o público poderá contemplar auténticas xoias do automobilismo clásico. Ademais, desenvolverase unha proba de regularidade histórica que combinará deporte e tradición nun percorrido polas estradas de Friol. A xornada rematará cunha cea de confraternización e coa entrega de trofeos, fomentando o intercambio cultural entre os participantes. “O XVIII Rally Cidade de Lugo preséntase tamén como unha oportunidade para descubrir o encanto de Friol e a súa historia”, di o alcalde.



**RALLYSHOW.** O circuito municipal das Pontes viviu unha xornada histórica coa celebración do primeiro RallyShow Deputación da Coruña, un evento pioneiro no automobilismo galego que superou todas as expectativas e reuniu a máis de 4.000 afeccionados chegados de toda Galicia nunha emocionante xornada de competición e espectáculo. O actual campión galego, Víctor Senra, a bordo do seu Hyundai i20 WRC proclamouse vencedor, imponéndose nunha final vibrante que puxo en pé ás gradas. En segunda posición quedou o coruñés Daniel Bedomás (Hyundai i20 N Rally2) e de terceiro o piloto vigués Jorge Pérez, ao volante do seu Porsche 991 GT3.

## O ECO Rally A Coruña pasará por primeira vez por Xermade

Unha das principais novidades do 9º Repsol Eco Rallye da Coruña, que se celebrará do 18 ao 21 de setembro, é que nesta ocasión penetrarase por primeira vez na provincia de Lugo, cun tramo que discorrerá polo Concello de Xermade. Farao concretamente o sábado 20 de setembro, nun dos tramos que a organización deseñou para levar aos participantes desde A Coruña ata o Concello das Pontes, lugar elixido nesta segunda xornada de competición para realizar unha parada intermedia de reagrupamento. O 9º Repsol Eco Rallye da Coruña consolidouse xa como unha das citas máis destacadas do calendario internacional da mobilidade sostible.

A Xanela celebrará nas Pontes o 28 a súa carreira e andaina

A Xanela convoca a terceira carreira-andaina solidaria As Pontes Contigo, que se celebrará o domingo 28 de setembro.

A III Carreira - Andaina Solidaria As Pontes Contigo desenvolverase nun circuíto urbano, con saída e meta na Rúa 8 de marzo. A carreira contará con 5 quilómetros e a andaina será de 3,5.

O prezo de inscrición é de 8 euros para a carreira e de 5 euros para a andaina. A carreira será de balde para a categoría biberón e de 3 euros para o resto de grupos da categoría escolar, no caso da andaina será gratuíta para as crianzas de menos de 5 anos cumpridos o día do evento.

O prazo para inscribirse estará operativo ata o mércores 24 de setembro de 2025. A inscrición está a cargo da empresa Cronotec.

Para a modalidade de andaina a inscrición poderá ser levada a cabo a través da mesma web coa mesma data, ou de maneira presencial na sede da asociación A Xanela ata o venres 26 de setembro de 2025. Tamén será posible anotarse o domingo 28 na Rúa 8 de Marzo, ata 15 min. antes do inicio da proba.

Dado o carácter solidario da presente carreira - andaina, establece a posibilidade de participar a través da fila cero.

EN BREVE

**XOGADE COAS MOTOS.** As Pontes acollerá a iniciativa Xogade Coas Motos, unha actividade na que os rapaces de entre 6 e 15 anos teñen a posibilidade de probar unha moto de competición dentro dun marco seguro e de xeito completamente gratuíto. Terá lugar o 27 de setembro no Circuíto Municipal de Karting durante todo o día, de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas.

**VOLTA CICLISTA.** Biciclistas Galegos acollerá o 20 de setembro a III Volta Ciclista á Terra Chá, unha iniciativa que terá lugar dentro da tradicional Feira do Indiano, que este ano chega á súa XV edición. Será na localidade de Santaballa, en Vilalba. Ademais da marcha ciclista, dentro da programación tamén se inclúe unha comida popular ao finalizar, actuacións musicais e unha sesión vermú.

**XIMANSIA.** O CDR As Pontes organiza unhas clases abertas de ximnasia para todas as persoas que queiran asistir e teñan máis de cinco anos. Serán no pavillón Castro da Uz, os luns 15 e 22, de 17.00 a 18.15 horas, e os venres 12, 19 e 26, de 16.00 a 17.15 horas. Para poder asistir, é preciso reservar a praza chamando ao teléfono 629 917 468.

A I Milla das Estrelas de Muras será o día 12

A localidade de Muras contará este mes de setembro cunha nova actividade deportiva aproveitando o seu distintivo como concello starlight. Así, o día 12 terá lugar a I Milla das Estrelas Concello de Muras, que se celebrará a partir das 21.00 horas na praza do Concello e que foi aprazada da súa data inicial, o 16 de agosto.

Haberá competición para os máis pequenos, que saíran os primeiros e que se englobarán nas categorías de pitufos, Sub 10 e Sub 14 e que percorreren 250, 500 e mil metros, respectivamente. Ás 21.25 horas será a saída da absoluta masculina e dez minutos

despois da absoluta feminina. Nos dous casos teñen por diante un percorrido de 1.609 metros.

O prazo de inscrición para esta proba xa está aberto e ten como data final o 10 de setembro. Ten un prezo de 1 euro para os máis pequenos, de 2 para os outros dous grupos de menores e de 6 euros para os da absoluta. A inscrición farase a través da web cc-norte.com.

Haberá medallas para todos os pitufos que participen e para os tres primeiros clasificados no resto de categorías. Na absoluta tamén haberá trofeo e un agasallos para os gañadores.

A selección feminina de fútbol sala xogará en Vilalba e As Pontes

As localidades de Vilalba e As Pontes acollerán dous amigables da selección española feminina de fútbol sala como preparación para o Mundial, que se celebrará en Filipinas do 21 de novembro ao 7 de decembro.

España xogará catro amigables, dous deles en Galicia e os outros dous en Toledo.

O Pavillón Javier Lozano de Toledo acolleu os dous amigables da selección española feminina de fútbol sala contra Arxentina os días 9

e 10 de setembro. E os días 7 e 8 de outubro España enfrontarase a Portugal en Vilalba e As Pontes.

A selección española xogou oito partidos en Galicia ata a data, aínda que esta será a primeira vez que xogue na provincia da Coruña. En Lugo xa xogou un amigable contra Xapón en 2019 no pavillón Vista Alegre de Burela.

Esta actividade contra co patrocinio de Vifrauto Iveco e Grupo Forma-T entre outras entidades privadas.

As Pontes acolle este mes o I Torneo de Tenis

O Concello das Pontes acollerá este mes de setembro a primeira edición do Torneo de Tenis, unha cita deportiva que se celebrará nas pistas do Club Tenis As Pontes os días 19, 20, 21 e 26, 27 e 28 de setembro.

A competición, organizada polo Club Tenis As Pontes, contará con diferentes categorías que van desde benxamín, alevín, infantil e cadete, tanto federados como non federados, ata as categorías +35, +40 e +55 en masculino e feminino, ademais das modalidades absoluta e dobres. Establécense mínimos de xogadores para garantir o desenvolvemento dalgunhas categorías e cada participante poderá inscribirse como máximo en dúas.

O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o 15 de setembro e o sorteo do cadro realizarase o día

17 nas pistas de tenis de Canal IV. A competición dará comezo o día 19 e estenderase ata o 28 de setembro.

Os partidos xogaranse en dúas pistas de cemento rápido do Club Tenis As Pontes, con bolas oficiais Head, podendo disputarse tanto con luz natural como artificial.

A inscrición poderá realizarse a través de correo electrónico ou nas plataformas habilitadas, cun custo de 10 euros para categorías benxamín, alevín, infantil e cadete, 15 euros para categorías absolutas e veteranos e 20 euros por parella no torneo de dobres. Os xogadores e xogadoras do Club Tenis As Pontes beneficiaranse dun desconto do 50 % na cota de inscrición.

Entregarase trofeo ao campión e subcampión de cada categoría e o xuíz árbitro será Paulino Fernández.



O rabadense Javo Orejas completa os Sete Majors no Maratón de Sidney

O atleta rabadense Javo Orejas, do Club Verxel Nutrición Deportiva, acadou un fito histórico ao rematar o Maratón de Sidney, co que completa as Sete Majors, converténdose así no primeiro lucense en conseguilo.

A carreira celebrouse este domingo, con saída ás 06:36 horas da mañá e temperaturas frescas que foron ascendendo desde os 8 ata os 18 graos ao longo do percorrido. Trátase dun trazado esixente, con numerosas subidas, baixadas e viraxes, no que Orejas afrontou un reto adicional: un esguince no nocello sufrido cinco días antes en Nova Zelandia.

Pese ás dificultades, o atleta decidiu saír cun ritmo cómodo e mantívose firme ata o quilómetro 25, momento no que as dores no nocello se fixeron

máis intensas. O obxectivo pasou entón por resistir e cruzar a meta, algo que logrou cun tempo de 3 horas, 46 minutos e 5 segundos, cun ritmo medio de 5:21 por quilómetro. “A emoción e a alegría ao pasar baixo o arco de meta foron indescribíbles”, confesou.

Tras esta carreira, Orejas únese a José Saavedra e Gonzalo Souto como os tres primeiros galegos en completar as Sete Majors. O atleta quixo agradecer o labor do fisioterapeuta David Partida, que fixo posible a súa participación a pesar da lesión, e adiantou que agora tomará un tempo para descansar, centrarse en probas máis curtas e gozar duns días en Sidney tras un percorrido de quince días por Nova Zelandia e Australia.

EN BREVE



**TRIATLON.** O Club Triatlón Vilalba regresou de Ferrol cun balance moi positivo do Campionato Galego de Triatlón, especialmente na categoría xuvenil feminina, onde Mariña Esmoris acadou a medalla de ouro e Eugenia Vérez proclamouse subcampioa.



**NAÚTICO FOLIXA.** O Náutico Folixa viviu unha fin de semana brillante na praia de Barraña, en Boiro, onde conseguiu un dobre triunfo que reforza a súa gran tempada. O club alzouse coa primeira posición na Liga Feminina cun total de 77 puntos e, ademais, proclamouse subcampión galego de clubs, quedando a tan só cinco puntos do Breogán do Grove.

# A SD Pol, un club en crecemento que aposta polo fútbol base

A estrutura deportiva, que estrea equipo filial en sénior, contará tamén con catro equipos, tres nas categorías de fútbol 8 e un infantil

A Sociedade Deportiva Pol cumpre máis de corenta anos de historia e faino nun dos seus mellores momentos. O club, que xurdiu o 2 de xaneiro de 1979 cando un grupo de amigos decidiu fundalo no bar Abuide de Mosteiro, tivo como primeiro presidente a Manuel Luna, nome que bautizou durante máis de catro décadas o estadio no que xogaron centos de partidos e que hoxe segue acollendo os encontros do filial e dos equipos de base. Ao longo deste tempo, o Pol sumou ascensos, títulos de Copa Deputa-

ción e, sobre todo, o fito histórico de competir por primeira vez en Preferente, categoría na que logrou consolidarse a pasada tempada. O club afronta este curso con máis ilusión ca nunca e cunha estrutura cada vez máis sólida. Na actualidade contará con catro equipos de fútbol base –prebenxamín, benxamín, alevín e infantil–, ademais do filial, que competirá en Terceira Rexional, e do primeiro equipo en Preferente. Entre todas as categorías, a entidade reúne preto dun

centenar de fichas, unha cifra que amosa o pulo dun proxecto que non deixa de crecer. A valoración da pasada campaña non pode ser máis positiva. O equipo de Preferente foi de menos a máis e conseguiu o gran obxectivo marcado: manter a categoría na súa primeira experiencia. “Consolidarnos foi un éxito”, subliñan desde a directiva, que ve nesta continuidade un paso clave para seguir medrando. Xa o equipo tivo o ascenso moi preto en varias ocasións pero no foi ata o 2023 que cantou o alirón. Un dos sinais de identidade da SD Pol é a súa clara aposta pola cantera. Se o ano pasado contaban con dous equipos de base, nesta campaña serán xa catro. “O segredo para xuntar tantos rapaces nun concello pequeno está no traballo constante e no atractivo das instalacións”, explica o coordinador do club, Luis Romay. Moitos dos nenos e nenas proceden da propia localidade, pero tamén doutros concellos próximos, e para algúns é a súa primeira experiencia no fútbol. Outros chegan tras decidir cambiar de club e sumarse a un proxecto



que transmite confianza. Nesta mesma liña naceu o filial, un equipo creado para dar continuidade aos xogadores en idade sénior e facilitar a súa transición cara ao primeiro equipo. “Queremos que os rapaces da base teñan a posibilidade de desenvolver toda a súa carreira deportiva dentro da nosa estrutura”, explica.

**INSTALACIÓNS.** As instalacións municipais son outro dos grandes piares do proxecto. Consideradas das mellores da provincia, convertéronse nun auténtico reclamo tanto para xogadores como para visitantes. A súa calidade fixo que durante anos foran demandadas por outros equipos da provincia, aínda que a medida que a estrutura do Pol se reforza, cada vez están máis destinadas ao propio club. Os obxectivos para esta tempada están ben definidos: na base, que os rapaces aprendan e gocen do

fútbol; no filial, asentarse e pelexar polos postos altos da categoría; e no primeiro equipo, seguir consolidándose en Preferente e mellorar, se é posible, os rexistros da pasada campaña. En canto a necesidades, desde o club recoñecen que o principal reto é manter a saúde do cadro de xogadores e evitar lesións, un aspecto que condicionou en campañas anteriores. Para iso contarán con novas incorporacións que reforzan todas as liñas: na portería chega Javi Liz; na defensa Mateo Neira, Diego Fernández, Pablo Rey e Tomás Susavila; no medio, Luis Díaz e Marco Díaz; e en ataque, Diego Rey e Juan David “Pichi”. A SD Pol afronta así un curso cargado de ilusión, apoiándose na súa historia, nas súas instalacións e, sobre todo, nunha aposta firme polo fútbol base que garante o futuro dun club que se converteu nun orgullo para toda a comarca.



## TELÉFONOS DE INTERESE

|                                |                             |
|--------------------------------|-----------------------------|
| <b>ABADÍN</b>                  |                             |
| Concello:                      | 982 50 80 21                |
| Garda Civil:                   | 982 50 80 11                |
| Centro de Saúde:               | 982 50 81 22                |
| <b>A PASTORIZA</b>             |                             |
| Concello:                      | 982 33 21 97 / 982 33 21 60 |
| Garda Civil:                   | 982 34 90 20                |
| Centro de Saúde:               | 982 33 21 41                |
| <b>AS PONTES</b>               |                             |
| Concello:                      | 981 45 31 16                |
| Policia Local:                 | 981 45 31 91                |
| Garda Civil:                   | 981 45 00 05                |
| Centro de Saúde (cita previa): | 981 45 12 51                |
| <b>BEGONTE</b>                 |                             |
| Concello:                      | 982 39 61 43                |
| Garda Civil:                   | 982 39 80 08                |
| Centro de Saúde:               | 982 39 69 02                |
| <b>CASTRO DE REI</b>           |                             |
| Concello:                      | 982 31 40 34 / 982 31 41 32 |
| Garda Civil:                   | 982 31 40 02                |
| Centros de Saúde (cita previa) | 982 21 10 18                |
| Castro de Rei:                 | 982 31 42 11                |
| Ribeiras de Lea:               | 982 31 11 14                |

|                                |                             |
|--------------------------------|-----------------------------|
| <b>COSPEITO</b>                |                             |
| Concello:                      | 982 52 00 01 / 982 50 40 57 |
| Garda Civil:                   | 982 52 00 17                |
| Centro de Saúde (cita previa): | 982 52 01 20                |
| Feira do Monte:                | 982 50 34 69                |
| Consultorio de Muimenta:       | 982 50 40 57                |
| <b>FRIOL</b>                   |                             |
| Concello:                      | 982 37 50 01                |
| Garda Civil :                  | 982 37 50 02                |
| Centro de Saúde:               | 982 37 10 98                |
| Cita Previa                    | 982 37 10 05                |
| <b>GUITIRIZ</b>                |                             |
| Concello:                      | 982 37 01 09 / 982 37 58 00 |
| Garda Civil:                   | 982 37 00 01                |
| Centro de Saúde:               | 982 37 21 10                |
| Parga P.A.C:                   | 982 37 05 00                |

|                       |                             |
|-----------------------|-----------------------------|
| <b>MEIRA</b>          |                             |
| Concello:             | 982 33 01 02                |
| Garda Civil:          | 982 33 00 04                |
| Centro de Saúde:      | 982 35 69 27                |
| Cita previa:          | 982 33 02 40                |
| <b>MURAS</b>          |                             |
| Concello:             | 982 50 00 01                |
| Garda Civil:          | 982 50 00 20                |
| Centro de Saúde:      | 982 50 01 23                |
| <b>OUTEIRO DE REI</b> |                             |
| Concello:             | 982 39 32 81 / 982 39 30 55 |
| Garda Civil:          | 982 39 00 05                |
| Ambulancia:           | 982 23 16 13                |
| Centro de Saúde:      | 982 39 25 98                |
| Cita previa:          | 982 39 32 67                |
| P.A.C.:               | 982 39 34 00                |

|                                                                                |                                            |
|--------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|
| <b>POL</b>                                                                     |                                            |
| Concello:                                                                      | 982 34 50 29                               |
| Garda Civil:                                                                   | 982 33 00 04                               |
| Centro de Saúde:                                                               | 982 34 59 20 / 982 34 53 76                |
| <b>RÁBADA</b>                                                                  |                                            |
| Concello:                                                                      | 982 39 00 62 / 982 39 00 52                |
| Garda Civil:                                                                   | 982 39 00 05                               |
| Centro de Saúde:                                                               | 982 39 01 01                               |
| <b>RIORTORTO</b>                                                               |                                            |
| Concello:                                                                      | 982 34 62 22                               |
| Garda Civil:                                                                   | 982 34 22 22                               |
| Centro de Saúde (cita previa):                                                 | 982 34 66 63                               |
| <b>VILALBA</b>                                                                 |                                            |
| Concello:                                                                      | 982 51 03 05 / 982 51 07 16                |
| Policia Local:                                                                 | 982 51 07 67 / 608 08 00 50                |
| Garda Civil:                                                                   | 982 51 03 07                               |
| Centro de Saúde (cita previa):                                                 | 982 51 03 11                               |
| <b>XERMADE</b>                                                                 |                                            |
| Concello:                                                                      | 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 |
| Garda Civil:                                                                   | 982 50 10 08                               |
| Centro de Saúde:                                                               | 982 50 11 34 / 982 50 10 55                |
| <b>+ Teléfonos:</b> <a href="http://www.terrachaxa.com">www.terrachaxa.com</a> |                                            |

**TELÉFONOS DE INTERESE**

**Emerxencias:** 112  
**Urxencias Sanitarias:** 061

**Incendios Forestais:** 085  
**Garda Civil:** 062

## DE RUTA EN RUTA

# Guntín: Ruta do Río Ferreira

É un camiño perfectamente pavimentado e iluminado pola beira esquerda ata a Ponte Cabalar, que une as dúas marxes

Esta fermosa ruta en Guntín ten a súa saída da área recreativa dos Campos de Meixaboi e discorre a maior parte do seu traxecto pola marxe esquerda do río Ferreira, por un camiño perfectamente pavimentado e iluminado, ata chegar a Ponte Cabalar, ponte que une as marxes do río Ferreira.

Deixando a ponte á nosa dereita tomamos dirección estrada arriba para percorrer un pequeno tramo asfaltado e incorporarnos a un carreiro que estará situado a nosa dereita. A través deste camiño de terra chegaremos ao núcleo de Santa María de Ferreira de Pallares, onde poderemos admirar a igrexa monasterial de Santa María de Ferreira de Pallares e o propio mosteiro, declarado ben de interese cultural.

O mosteiro fundado no ano 909 polos condes Don Ero e Dona Elvira garda grandes historias entre as súas paredes. Unha das paredes do priorato-rectoral ten unha pedra con motivos castrenses que se poden identificar como pertencentes á anterior igrexa visigótica. De este período alto medievo é tamén un sepulcro de tipoloxía xa antropomorfa facendo de pilón nunha fonte preto

do complexo monacal.

Todo o conxunto actual, a excepción do priorato reitoral, que garda preciosos segredos no seu interior, é obra de catro etapas fundamentais. A primeira delas pertence á estrutura románica da igrexa, na segunda etapa realizouse a capela panteón da Taboada. Posteriormente realizouse a construción do claustro e finalmente a torre.

Ademais desta impresionante riqueza histórica que se pon de manifesto en lugares como a Ponte Cabalar, a antiga ferrería dependente do Mosteiro de Ferreira de Pallares, e o propio mosteiro podemos desfrutar da súa gran riqueza natural o longo de todo o recorrido a carón do río Ferreira.

Se queremos realizar unha ruta máis longa podemos continuar polo camiño preto do río Ferreira e a estrada para coñecer diferentes pobos como Vilaxuste, Vilar, Domez, Frameán, Vilamerelle ou San Vicente nun recorrido circular que volve a Guntín.



## DATOS



1 h 30 min.



3 km.



Dificultade  
fácil



# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

### Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
 Telf.: 982 51 36 05